

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004484	CEIP Plurilingüe da Laxe	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	4º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A programación didáctica é o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre todo ou profesorado. Partindo dos referentes legais e teóricos que regulan o noso sistema educativo, elabórase esta Programación Didáctica de Ciencias da Natureza para 4º de Educación Primaria, durante o curso escolar 2023/2024 regulado pola Orde do 3 de maio de 2023, pola que se aproba o calendario escolar en Galicia.

A área de Ciencias da Natureza ten como obxectivo principal que o alumnado chegue a ser personas activas, responsables e respectuosas co mundo no que viven, adquirindo coñecementos esenciais e os principios básicos do medio natural para que poidan construír un mundo máis solidario, xusto, igualitario e sustentable.

O CEIP da Laxe é un centro público de Educación Infantil e Primaria, situado no concello de Marín, Pontevedra. Está formado por dúas aulas mixtas de infantil e 6 de primaria. O alumnado para o cal se elaborou esta programación é o curso de 4º EP, formado por 9 nenos e nenas, con idades comprendidas entre os 8 e os 10 anos.

Esta programación consta de 7 unidades didácticas que estarán detalladas no punto 3.1. Para o seu desenvolvemento contaremos coa contorna próxima ao centro e as instalacións da propia escola (horta, composteiro, laboratorio, biblioteca...), a través dos catro bloque de contidos que conforman esta área de coñecemento: bloque 1. Cultura científica; bloque 2: a vida no noso planeta; bloque 3: materias, forzas e enerxía; bloque 4: tecnoloxía e dixitalización.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Con sentido	Nesta primeira unidade didáctica estudaremos as diferentes etapas da vida e as funcións vitais, afondando na función de reacción, xunto cos órganos dos sentidos.	15	12	X		
2	A máquina perfecta	Na segunda unidade didáctica desta programación o obxecto de estudo será o aparello locomotor e respiratorio, o sistema nervioso, así como coñecer e adoptar hábitos saudables.	16	12	X		
3	Aprendo a comer	No segundo trimestre afondarase no estudo do aparello dixestivo (órganos implicados, funcións). Tamén será nesta unidade didáctica onde se tratará a alimentación saudable, hábitos e os tipos de nutrientes.	12	8		X	
4	Coidado!	Na cuarta unidade didáctica centrarémonos no recoñecemento e función do aparello circulatorio e no excretor. Continuaremos co reproductor do home e da muller e remataremos co estudo de bos hábitos saudables de saúde.	12	8		X	
5	Enchufados	Os contidos fundamentais que traballaremos nesta unidade didáctica son a identificación da materia e materiais, coñecer instrumentos de medida. Seguiremos coa enerxía e o seu estudo, xunto coas formas de calor e temperatura.	10	7			X
6	Luces e acción!	Para a sexta e última unidade didáctica abordaranse as forzas (formas e tipos), as	10	7			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Luces e acción!	máquinas (simples e complexas) e a electricidade.	10	7			X
7	Científicos	Durante todos os trimestres e unidades didácticas traballarase o método científico a través do bloque 1 "cultura científica" e o bloque 4 "tecnoloxía e dixitalización" de forma transversal.	25	16	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Con sentido	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1.1. - Coñecer as funcións vitais do ser humano e ser quen de explicalo.	Coñecer as funcións vitais do ser humano e ser quen de explicalo brevemente ou con axuda.	TI	100
CA2.1.2. - Identificar e expoñer os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Identificar e expoñer os órganos implicados na realización das funcións vitais con apoio.		
CA2.1.3. - Recoñecer os cinco sentidos e os órganos correspondentes, ser quen de explicar o proceso polo cal a información é captada polos receptores sensitivos e enviada ao cerebro.	Recoñecer os cinco sentidos e os órganos correspondentes, ser quen de explicar brevemente o proceso polo cal a información é captada polos receptores sensitivos e enviada ao cerebro, con apoio.		
CA2.1.4. - Identificar as diferentes etapas da vida en función da idade das persoas do seu contorno próximo.	Identificar as diferentes etapas da vida en función da idade das persoas do seu contorno próximo.		
CA2.1.5. - Comprender a importancia da saúde bucodental e expoñer medidas para previr as caries.	Comprender a importancia da saúde bucodental e expoñer medidas para previr as caries.		
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano: relación, nutrición e reprodución. Importancia dos órganos dos sentidos e do seu coidado para relacionarse coa contorna.

UD	Título da UD	Duración
2	A máquina perfecta	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1.6. - Identificar o aparato locomotor, respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor e saber como funcionan, así como as súas partes.	Identificar o aparato locomotor, respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor e saber como funcionan, así como as súas partes, con apoio.	TI	100
CA2.1.7. - Diferenciar as partes que conforman o sistema nervioso.	Diferenciar as partes que conforman o sistema nervioso con apoio.		
CA2.2.1. - Aprender que avances curan enfermidades e como previlas, así como adoptar hábitos de vida saudables.	Identificar algunha enfermidade respiratoria e explicar algún consello para previr enfermidades contaxiosas.		
CA2.2.2. - Propoñer e adoptar medidas para coidar os diferentes aparatos e sistemas.	Propoñer algunha medida para coidar os aparatos e sistemas.	Baleiro	0
CA2.2.3. - Seguir bos hábitos de saúde para previr enfermidades coñecendo avances na medicina.	Recoñecer algún hábito de saúde que preveñan enfermidades.		
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.		Baleiro	0
CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sistema nervioso e o aparello locomotor. Os ósos, as articulacións e os músculos. Hábitos de hixiene postural nas súas actividades diarias. - Pautas para a prevención de enfermidades, riscos e accidentes na súa contorna máis próxima.

UD	Título da UD	Duración
3	Aprendo a comer	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1.6. - Identificar o aparato locomotor, respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor e saber como funcionan, así como as súas partes.	Identificar o aparato locomotor, respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor e saber como funcionan, así como as súas partes con apoio.	TI	100
CA2.1.9. - Comprender o proceso da dixestión.	Explicar con apoio e brevemente o proceso da dixestión		
CA2.2.4. - Coñecer a dieta equilibrada e os hábitos saudables.	Coñecer a dieta equilibrada e algúns hábitos saudables, con axuda.		
CA2.2.5. - Recoñecer os diferentes nutrientes e os alimentos que os conteñen.	Recoñecer os diferentes nutrientes e ser quen de dicir algún alimento que os conteña.		
CA2.2.6. - Coñecer as alerxias e intolerancias alimentarias, así como outros trastornos de conduto, recoñecendo conductas que as preveñan.	Explicar medidas para previr trastornos de conduta alimentaria.	Baleiro	0
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.			
CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Importancia da función de nutrición para o ser humano e identificación dos aparellos relacionados con ela (dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor). - Pautas para unha alimentación saudable e sustentable. Pirámide dos alimentos e clasificación en función dos seus nutrientes principais. - Pautas para a prevención de enfermidades, riscos e accidentes na súa contorna máis próxima.

UD	Título da UD	Duración
4	Coidado!	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1.6. - Identificar o aparato locomotor, respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor e saber como funcionan, así como as súas partes.	Identificar o aparato locomotor, respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor e saber como funcionan, así como as súas partes con apoio.	TI	100
CA2.1.8. - Identificar o aparato reproductor feminino y masculino.	Identificar as partes fundamentais do aparato reproductor feminino e masculino con apoio visual.		
CA2.2.2. - Propoñer e adoptar medidas para coidar os diferentes aparatos e sistemas.	Propoñer algunha medida para coidar os sistemas e aparatos.		
CA2.2.7. - Coñecer medidas para a prevención de accidentes e saber actuar ante eles.	Explica brevemente algunha medida para previr accidentes-		
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, xestionando as emocións propias e respectando as dos demais, mostrando empatía e establecendo relacións afectivas saudables.	Participar nunha actividade sobre saúde emocional e dialogar posteriormente sobre esta.		
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.		Baleiro	0
CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano: relación, nutrición e reprodución. Importancia dos órganos dos sentidos e do seu coidado para relacionarse coa contorna. - Importancia da función de nutrición para o ser humano e identificación dos aparellos relacionados con ela (dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor). - Pautas para a prevención de enfermidades, riscos e accidentes na súa contorna máis próxima. - Pautas que fomenten unha saúde emocional e social adecuadas: hixiene do sono, xestión do lecer e do tempo libre, contacto coa natureza, uso adecuado de dispositivos dixitais e estratexias para o fomento de relacións sociais saudables. Educación afectivo-sexual.

UD	Título da UD	Duración
5	Enchufados	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1.1. - Identificar a materia e diferenciar os materiais segundo a súa orixe e algunhas das súas propiedades.	Identificar a materia e as dúas propiedades desta.	TI	100
CA3.1.2. - Coñecer e utilizar os instrumentos de medida.	Empregar o instrumento de medida adecuado.		
CA3.1.3. - Comprender que é a enerxía, as súas formas e transformacións.	Comprender que é a enerxía e coñecer algunhas formas nas que pode manifestarse.		
CA3.1.4. - Distinguir entre fontes de enerxía renovables e non renovables.	Coñecer unha enerxía renovable e unha non renovable, incidindo na importancia das primeiras para o medio ambiente.		
CA3.2 - Recoñecer a través de pequenas investigacións diferentes formas de produción da calor e os seus efectos sobre os corpos.	Comprender que é a calor e as fontes (naturais e artificiais). Explicar brevemente e con apoio os efectos da calor.		
CA3.4 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar algún problema ecosocial. Explicar medidas que contribúan a un consumo sostible.		
CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cambios reversibles e irreversibles que experimenta a materia desde un estado inicial a un final para recoñecer os procesos e transformacións que ocorren na materia en situacións da vida cotiá. - Características e propiedades da calor. Materiais condutores e illantes, instrumentos de medición e aplicacións na vida cotiá. - Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Importancia da calidade do aire e auga da nosa contorna.

UD	Título da UD	Duración
6	Luces e acción!	7

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3.1. - Identificar que son as formas e os seus efectos sobre os obxectos.	Identificar que son as forzas e os seus efectos sobre os obxectos con apoio.	TI	100
CA3.3.2. - Recoñecer as máquinas e para que serven.	Recoñecer algunha máquina simple e alguna composta, explicando brevemente o seu uso.		
CA3.3.3. - Distinguir os tres xéneros de pancas.	Distinguir os tres xéneros de pancas con axuda.		
CA3.3.4. - Aprenciar que é a electricidade e a súa relación co magnetismo.	Aprenciar que é a electricidade con axuda.		
CA3.3 - Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Forzas de contacto e a distancia. Efecto sobre os obxectos dependendo do seu tamaño, masa e forma. - Máquinas simples, o seu efecto sobre as forzas e aplicacións na natureza e usos na vida cotiá. Planificación e montaxe dalgunha máquina de construción sinxela.

UD	Título da UD	Duración
7	Científicos	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación con apoio.	TI	100
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural con apoio.		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente con apoio.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas con apoio.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos con apoio.		
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados con apoio.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos e explicando os pasos seguidos.	Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos e explicando os pasos seguidos con apoio.		
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional con apoio.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia con apoio.3		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:

Contidos

- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Estratexias de procura guiada de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización).
- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).
- Aplicación das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e correos non desexados?) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
 - Planificación dun proxecto sinxelo, identificando e seleccionando adecuadamente os materiais, ferramentas e obxectos necesarios para a súa consecución.
 - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.
 - Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...).
- Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico.
- Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada estará baseada nunha aprendizaxe competencial, encamiñada a acadar os obxectivos da materia e as competencias relacionadas. Para elo, levaranse a cabo proxectos significativos e interdisciplinares relacionados co entorno próximo do alumno; experimentos; actividades de indagación e investigación que promovan a observación, establecemento de hipóteses e relacións e obtención de conclusións, traballando o método científico. Ademais, realizaranse lapbooks, exposicións orais e outros traballos de forma cooperativa ou individual empregando ferramentas tecnolóxicas.

Para elo, partiremos sempre dos coñecementos previos do alumnado, dende o particular ao xeral e do concreto ao abstracto. As explicacións en gran grupo levaranse a cabo sentados no chan en semicirculo, acompañados sempre de material de apoio visual.

Na área desenvolverase unha séptima unidade didáctica transversal denominada "Científicos" na que se traballarán os contidos do bloque 1 "cultura científica" e o bloque 4 "tecnoloxía e dixitalización" nas seis unidades restantes.

O papel da mestra:

A mestra será unha guía no proceso de ensinanza-aprendizaxe do seu alumnado.

Preparará actividades competenciais que promovan os intereses do neno/a, axeitadas a súa etapa de desenvolvemento. Será unha aprendizaxe global, activa, participativa, significativa e por descubrimento.

A mestra será concebida como unha guía e facilitadora da aprendizaxe que observa as necesidades, capacidades e intereses de cada alumno/a, ofrecendo as oportunidades para desenvolverse de forma autónoma e eficaz.

En canto á organización dos espazos, tempos e agrupamentos, variará en función das dinámicas que se leven a cabo:

-Espazos: a aula estará organizada por ambientes (matemáticos, Lingua e ciencias) con diversas actividades manipulativas que complementen ao traballo diario, así como materiais diversos: taxetas en 3 partes con temática da área, puzzles, xogos, libros e material didáctico.

-Tempos: ao inicio da sesión, explicarase que imos facer e a secuencia, de forma que progresivamente adquieran unha maior autonomía na realización das tarefas. Ademais, haberá un cronómetro dixital na PDI de forma que poidan observar o paso do tempo e sexan conscientes del.

-Agrupamentos: haberá momentos de traballo individual, por parellas ou pequeno grupo (3-4 personas). Os grupos

serán heteroxéneos, diversos e mixtos en función das necesidades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais: titora, mestres de apoio, familias. Persoas externas de empresas, institucións, etc.
Recursos materiais: material funxible (libretas, lapis, rotuladores, ceras, cartolinas, folios...), libros de consulta, material didáctico, material de laboratorio, plastilina, láminas e fotografías.
Recursos tecnolóxicos e dixitais: tablets, PDI, ordenadores, robots, apps educativas, kahoot...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de cada unidade ou proposta de traballo haberá de realizarse unha avaliación inicial durante a cal serán detectadas as ideas, as crenzas, as actitudes, os coñecementos iniciais sobre o tema a tratar de cara a establecer un adecuado proceso de aprendizaxe significativa. No proceso de recollida de información e a súa triangulación (entre instrumentos, momentos e/ou persoas), sexa cal sexa o tipo de avaliación inicial que abordemos, contarase con diferentes e variados instrumentos, situacións e procedementos para poder atender á diversidade sen priorizar nunca unha única opción. Usaranse procedementos como a observación, análise de producións do alumnado, intercambios orais-debates-entrevistas, probas escritas e cuestionarios. Respecto dos instrumentos empregaranse os de rexistro (listas de cotexo, listas de control, escadas de valoración, diarios, anecdotarios, rexistro de incidencias,...) e outros que permitan indicar os items ou aspectos a ter presentes xunto coa súa valoración (rúbricas e guías de observación).

Tamén se realizará nas primeiras semanas de curso. Para isto teremos en conta os expedientes e informes de cada un deles/las, as entrevistas iniciais coas familias onde recolleremos información, reunións co DO, así como actividades e dináminas na clase sinxelas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	16	12	12	10	10	25	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

En cada trimestre traballaremos 2 unidades didácticas, sendo un total de 6 unidades ó longo do curso mais unha séptima transversal que se traballará dentro das anteriores. para a súa avaliación se empregarán os instrumentos indicados na avaliación de cada unha delas (probas escritas e taboas de indicadores).

Unha vez obtida a cualificación de cada U.D., farase unha media ponderada entre as unidades didácticas tratadas na avaliación, sendo o 100% da nota.

Tendo en conta que en cada trimestre se traballan contidos diferentes, a cualificación final será a media da nota obtida nos 3 trimestres.

Criterios de recuperación:

O alumnado que leve unha cualificación negativa nunha avaliación recibirá un reforzo educativo, sendo observado nese proceso a evolución, empregando os instrumentos de avaliación indicados para cada criterio e realizando a nova cualificación en base a eles.

6. Medidas de atención á diversidade

Para atender a diversidade da aula teremos en conta o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, e a orden do 8 de setembro do 2021 polo que se regula a atención a diversidade nos centros educativos de Galicia.

Ademais, optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), que permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos). Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optárase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe. Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferente linguaxes, serán elementos fundamentais a ter en conta xunto con estratexias diversificadas para as funcións executivas. Favorecerase a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias.

Deseñaranse actividades multinivel que permitan o traballo conxunto de todo o alumnado compartindo unha experiencia común, mais adaptada ao seu nivel e á súa capacidade de abstracción. Estas actividades deben estar inseridas en situacións de aprendizaxe, proxectos ou propostas integradas que posibiliten a contextualización necesaria.

As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos (que deberán ter variedade), como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro de datos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.2 - ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.		X	X	X			
ET.3 - ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X				
ET.4 - ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.						X	X
ET.6 - ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller¿	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Temporalización: a desviación entre o número de sesións programadas e as finalmente realizadas non supera o 15%. Secuenciación: os criterios de avaliación e contidos seleccionados para cada UD foron abordados nun 90%.
Metodoloxía empregada
Metodoloxía: as unidades didácticas son abordadas dende unha proposta activa, baseada nos principios DUA. Escala 1 a 4.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Materiais e recursos didácticos: porcentaxe de unidades nas que se empregaron recursos materiais e didácticos descritos no apartado 4.1. Nivel de logro: 100%
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: adoptáronse medidas personalizadas en cada unidade didáctica. Escala 1 a 4.

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento de cada unidade didáctica levarase semanalmente a través da planificación de aula, así como na aplicación de PROENS ao remate de cada unha.

As modificacións irán quedando rexistradas no programa que servirán como proposta de mellora cara ao próximo curso.

Ademais, semanalmente iranse revisando as actividades propostas e modificando cando se requira.

Trimestralmente realizarase un seguimentos das avaliacións do alumnado para poder detectar erros e establecer propostas de mellora co fin de aumentar os resultados académicos.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004484	CEIP Plurilingüe da Laxe	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	4º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A programación didáctica é o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre todo ou profesorado. Partindo dos referentes legais e teóricos que regulan o noso sistema educativo, elabórase esta Programación Didáctica de Ciencias da Natureza para 4º de Educación Primaria, durante o curso escolar 2023/2024 regulado pola Orde do 3 de maio de 2023, pola que se aproba o calendario escolar en Galicia.

A área de Ciencias Sociais ten como obxectivo principal que o alumnado chegue a ser personas activas, responsables e respectuosas coa súa contorna próxima e afastada. Nunha sociedade cada vez máis cambiante e diversa, cómpre promover novas formas de sentir, pensar e actuar que favorezan a inclusión do alumnado nun mundo máis xusto e solidario. O alumnado terá que adoptar comportamentos que contribúan a mellora e conservación da contorna. Isto supón tamén, o recoñecemento da diversidade como riqueza pluricultural, a resolución pacífica de conflitos e a aplicación crítica dos mecanismos democráticos de participación cidadá.

O CEIP da Laxe é un centro público de Educación Infantil e Primaria, situado no concello de Mariñ, Pontevedra. Está formado por dúas aulas mixtas de infantil e 6 de primaria. O alumnado para o cal se elaborou esta programación é o curso de 4º EP, formado por 9 nenos e nenas, con idades comprendidas entre os 8 e os 10 anos.

Esta programación consta de 6 unidades didácticas que estarañ detalladas no punto 3.1. Para o seu desenvolvemento contaremos coa contorna próxima ao centro (concello) e as instalacións da propia escola (laboratorio, biblioteca, patio...), a través dos catro bloques de contidos que conforman esta área de coñecemento: bloque 1. Ciencia e tecnoloxía; bloque 2: o mundo e o desenvolvemento sustentable; bloque 3: vivir en sociedade; bloque 4: leccións do pasado.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Alerta climática	Nesta primeira unidade didáctica coñeceremos a atmósfera, o tempo atmosférico e a súa medida, o clima en España e o cambio climático.	16	18	X		
2	Todo suma	Durante esta unidade didáctica o alumnado aprenderá a identificar as diferentes masas de auga da Terra; coñecerá os ríos e mares	16	18	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Todo suma	e océanos de España e Galicia. Tamén se tratarán hábitos de responsabilidade medioambiental, así como catástrofes naturais provocados pola auga.	16	18	X		
3	Patrulla verde	Na terceira unidade didáctica traballarase o municipio e os seus elementos. Tamén aprenderán a localizar as CCAA e provincias de España. Por último, centrarémonos no recoñecemento dos principais dereitos dos cidadáns e as normas de seguridade viaria.	15	16		X	
4	Habitantes do mundo	Nesta cuarta unidade didáctica coñecerán os cambios que se producen na poboación e a súa clasificación, para despois afondar na poboación de España.	15	16		X	X
5	Habitantes do pasado	Durante esta unidade didáctica coñecerán como vivían na Prehistoria, os pobos da Idade Antigua na Península Ibérica e o Imperio Romano.	13	15			X
6	Científicos	Durante todos os trimestres e unidades didácticas traballarase o método científico a través do bloque 1 "ciencia e tecnoloxía" de forma transversal.	25	22	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Alerta climática	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1.1. - Identificar as capas da atmosfera.	Identificar a capa máis próxima a Terra e a capa de Ozono.	TI	100
CA2.1.2. - Comprender a función da capa de ozono e a importancia de protexela.	Explicar brevemente a función da capa de ozono e dar unha medida para protexela.		
CA2.1.3. - Recoñecer os diferentes climas de España, con especial atención o clima de Galicia e as súas características.	Recoñecer o clima de Galicia e algunha característica.		
CA2.2.1. - Coñecer o ciclo da auga e a súa relación coa formación de nubes e precipitacións.	Explicar o ciclo da auga brevemente.		
CA2.2.2. - Explicar a importancia de predecir o tempo atmosférico e coñecer algúns instrumentos para medilo.	Expoñer a lo menos dous motivos polo que é importante predecir o tempo atmosférico.		
CA2.3.1. - Coñecer e propor medidas para reducir a pegada de carbono	Propoñer dous medidas que reduzan a pegada de carbono.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.		Baleiro	0
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.			
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Relación dos elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo con determinados fenómenos físicos que lle afectan á Terra e repercuten na vida diaria e na contorna. - As tecnoloxías da información xeográfica (TIX). A estación meteorolóxica e os seus instrumentos. Relación entre as zonas climáticas e a diversidade de paisaxes. Algunhas características do clima de Galicia. - Mapas e planos en distintas escalas. Técnicas de orientación mediante a observación dos elementos do medio físico e outros medios de localización espacial. - O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra. Medidas de mitigación. - Responsabilidade ecosocial. A transformación e a degradación dos ecosistemas naturais pola acción humana. Conservación e protección da natureza. Os malos tratos animais e a súa protección.

UD	Título da UD	Duración
2	Todo suma	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1.4. - Identificar as diferentes masas de auga da Terra.	Identificar as diferentes masas de auga da Terra.	TI	100
CA2.1.5. - Coñecer os mares e océanos dos ríos de Galicia e España.	Coñecer os mares e océanos de España, así como o principal río de Galicia.		
CA2.2.3. - Localizar no mapa de España os ríos da Península Ibérica.	Localizar no mapa de España 3 ríos da Península Ibérica.		
CA2.2.4. - Recoñecer catástrofes naturais relacionados coa auga.	Recoñecer catástrofes naturais relacionados coa auga con apoio visual.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3.2. - Desenvolver hábitos de responsabilidade ambiental respecto ó auga.	Propoñer tres medidas e actitudes responsables respecto ao auga.		
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.		Baleiro	0
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.			
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Relación dos elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo con determinados fenómenos físicos que lle afectan á Terra e repercuten na vida diaria e na contorna. - Mapas e planos en distintas escalas. Técnicas de orientación mediante a observación dos elementos do medio físico e outros medios de localización espacial. - O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra. Medidas de mitigación. - Responsabilidade ecosocial. A transformación e a degradación dos ecosistemas naturais pola acción humana. Conservación e protección da natureza. Os malos tratos animais e a súa protección. - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e a enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.

UD	Título da UD	Duración
3	Patrulla verde	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3.1. - Recoñecer que é un municipio, que o goberna e como é elixido.	Coñecer o municipio de Marín e o proceso democrático na elección do goberno municipal.	TI	100
CA3.3.2. - Identificar as funcións e os servizos municipais.	Identificar ao menos 3 servizos municipais.		
CA3.3.3. - Recoñecer os principais dereitos dos cidadáns	Recoñecer tres dereitos dos cidadáns.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Interiorizar normas básicas para a convivencia. Identificar as principais sinais de tráfico.		
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia. - A organización política e territorial de España. - Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de España. - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarios. Mobilidade segura, saudable e sustentable como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción. - Compromisos e normas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
4	Habitantes do mundo	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1.1. - Identificar os factores que inciden na poboación	Comprender os factores que inciden na poboación con axuda.	TI	100
CA3.1.2. - Coñecer onde se rexistra a poboación.	Coñecer onde se rexistra a poboación.		
CA3.1.3. - Localizar as zonas máis poboadas de España.	Coñecer a distribución desigual da poboación no territorio Español con apoio visual.		
CA3.1.4. - Clasificar profesións no sector ao que pertencen.	Coñecer a clasificación en sector primario, secundario e terciario das profesións e ser quen de poñer algún exemplo de cada un.		
CA3.1.5. - Coñecer as diferentes formas de clasificación da poboación.	Coñecer a clasificación da poboación segundo a idade e o sexo con apoio.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia con apoio.		
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor, o control do diñeiro e os medios de pago. Da supervivencia á sobreprodución. - Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación con datos obtidos de fontes estatísticas. A organización do territorio en España e en Europa. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.

UD	Título da UD	Duración
5	Habitantes do pasado	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Valorar as manifestacións culturais prehistóricas.		
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Coñecer cando empezou e finalizou a Prehistoria. Identificar algún avance técnico nas 3 etapas da prehistoria. Comprender que a Idade Antiga comeza coas invasións e colonizacións. Coñecer algunhas manifestacións culturais da Prehistoria en Galicia.	TI	100
CA4.3.1. - Coñecer como vivían os primeiros seres humanos na Prehistoria e identificar os seus avances técnicos.	Recoñecer as principais características dos seres humanos na Prehistoria e os avances técnicos.		
CA4.3.2. - Distinguir os pobos da Idade Antiga que vivían na Península Ibérica.	Distinguir os pobos da Idade Antiga que vivían na Península Ibérica con apoio.		
CA4.3.3. - Describir a cidade hispanorromana.	Describir brevemente e con apoio a cidade hispanorromana.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3.4. - Coñecer como se formou o Imperio Romano	Coñecer como se formou o Imperio Romano con apoio.		
CA4.3.5. - Comprender o proceso de romanización	Comprender o proceso de romanización con apoio.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As pegadas da historia en lugares, edificios, obxectos, oficios ou tradicións da localidade. Os museos como espazo de aprendizaxe e gozo. - O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos. Temas de relevancia na historia (Prehistoria e Idade Antiga). - A función da arte e a cultura no mundo da Prehistoria e da Idade Antiga. - O patrimonio natural e cultural. Diferenzas entre parques nacionais, rexionais e naturais. Os espazos naturais protexidos. O seu uso, coidado e conservación. - Iniciación á investigación e aos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente. - Interpretación do papel dos individuos e dos distintos grupos sociais, relacións, conflitos, crenzas e condicionantes en cada época histórica.

UD	Título da UD	Duración
6	Científicos	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos con apoio.	TI	100
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo con apoio.		
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico con apoio.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente con apoio.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta con apoio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Estratexias de procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización).

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada estará baseada nunha aprendizaxe competencial, encamiñada a acadar os obxectivos da materia e as competencias relacionadas. Para elo, levaranse a cabo proxectos significativos e interdisciplinares relacionados co entorno próximo do alumno; experimentos; actividades de indagación e investigación que promovan a observación, establecemento de hipóteses e relacións e obtención de conclusións, traballando o método científico. Ademais, realizaranse lapbooks, exposicións orais e outros traballos de forma cooperativa ou individual empregando ferramentas tecnolóxicas.

Para elo, partiremos sempre dos coñecementos previos do alumnado, dende o particular ao xeral e do concreto ao abstracto. As explicacións en gran grupo levaranse a cabo sentados no chan en semicírculo, acompañados sempre de material de apoio visual.

Na área desenvolverase unha sexta unidade didáctica transversal denominada "Científicos" na que se traballarán os contidos do bloque 1 "ciencia e tecnoloxía" nas cinco unidades restantes.

O papel da mestra:

A mestra será unha guía no proceso de ensinanza-aprendizaxe do seu alumnado.

Preparará actividades competenciais que promovan os intereses do neno/a, axeitadas a súa etapa de desenvolvemento. Será unha aprendizaxe global, activa, participativa, significativa e por descubrimento.

A mestra será concebida como unha guía e facilitadora da aprendizaxe que observa as necesidades, capacidades e intereses de cada alumno/a, ofrecendo as oportunidades para desenvolverse de forma autónoma e eficaz.

En canto á organización dos espazos, tempos e agrupamentos, variará en función das dinámicas que se leven a cabo:

- Espazos: a aula estará organizada por ambientes (matemáticos, Lingua e ciencias) con diversas actividades manipulativas que complementen ao traballo diario, así como materiais diversos: taxetas en 3 partes con temática da área, puzzles, xogos, libros e material didáctico.
- Tempos: ao inicio da sesión, explicárase que imos facer e a secuencia, de forma que progresivamente adquieran unha maior autonomía na realización das tarefas. Ademais, haberá un cronómetro dixital na PDI de forma que poidan observar o paso do tempo e sexan conscientes del.
- Agrupamentos: haberá momentos de traballo individual, por parellas ou pequeno grupo (3-4 persoas). Os grupos serán heteroxéneos, diversos e mixtos en función das necesidades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais: titora, mestres de apoio, familias. Persoas externas de empresas, institucións, etc.
Recursos materiais: material funxible (libretas, lapis, rotuladores, ceras, cartolinas, folios...), libros de consulta, material didáctico (planisferio, globo terráqueo, mapas, etc), material de laboratorio, plastilina, láminas e fotografías.
recursos tecnolóxicos e dixitais: tablets, PDI, ordenadores, robots, apps educativas, kahoot, ...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de cada unidade ou proposta de traballo haberá de realizarse unha avaliación inicial durante a cal serán detectadas as ideas, as crenzas, as actitudes, os coñecementos iniciais sobre o tema a tratar de cara a establecer un adecuado proceso de aprendizaxe significativa. No proceso de recollida de información e a súa triangulación (entre instrumentos, momentos e/ou persoas), sexa cal sexa o tipo de avaliación inicial que abordemos, contarase con diferentes e variados instrumentos, situacións e procedementos para poder atender á diversidade sen priorizar nunca unha única opción. Usaranse procedementos como a observación, análise de producións do alumnado, intercambios orais-debates-entrevistas, probas escritas e cuestionarios. Respecto dos instrumentos empregaranse os de rexistro (listas de cotexo, listas de control, escadas de valoración, diarios, anecdotarios, rexistro de incidencias,...) e outros que permitan indicar os items ou aspectos a ter presentes xunto coa súa valoración (rúbricas e guías de observación).

Tamén se realizará nas primeiras semanas de curso. Para isto teremos en conta os expedientes e informes de cada un deles/las, as entrevistas iniciais coas familias onde recolleremos información, reunións co DO, así como actividades e dinámicas na clase sinxelas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	16	15	15	13	25	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Ao longo do curso desenvolveranse 5 unidades didácticas mais unha transversal ao longo das anteriores. Para a súa avaliación se empregarán os instrumentos indicados na avaliación de cada unha delas (probas escritas e taboas de indicadores).

Unha vez obtida a cualificación de cada U.D., farase unha media ponderada entre as unidades didácticas tratadas na avaliación, sendo o 100% da nota.

Tendo en conta que en cada trimestre se traballan contidos diferentes, a cualificación final será a media da nota obtida nos 3 trimestres.

Criterios de recuperación:

O alumnado que leve unha cualificación negativa nunha avaliación recibirá un reforzo educativo, sendo observado nese proceso a evolución, empregando os instrumentos de avaliación indicados para cada criterio e realizando a nova cualificación en base a eles.

6. Medidas de atención á diversidade

Para atender a diversidade da aula teremos en conta o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, e a orden do 8 de setembro do 2021 polo que se regula a atención a diversidade nos centros educativos de Galicia.

Ademais, optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), que permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos). Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optárase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe. Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferentes linguaxes, serán elementos fundamentais a ter en conta xunto con estratexias diversificadas para as funcións executivas. Favorecerase a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias.

Deseñaranse actividades multinivel que permitan o traballo conxunto de todo o alumnado compartindo unha experiencia común, mais adaptada ao seu nivel e á súa capacidade de abstracción. Estas actividades deben estar inseridas en situacións de aprendizaxe, proxectos ou propostas integradas que posibiliten a contextualización necesaria.

As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos (que deberán ter variedade), como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro de datos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Et.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Et.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Et.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Et.4 - Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos, valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, ... o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Et.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.6 - Et.6 - Medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ao concello de Marín	Concertamos unha visita ao órgano de goberno da nosa localidade		X	

Observacións:

Incluiranse as actividades complementarias que xurdan ao longo do curso e que se consideren interesantes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Temporalización: a desviación entre o número de sesións programadas e as finalmente realizadas non supera o 15%. Secuenciación: os criterios de avaliación e contidos seleccionados para cada UD foron abordados nun 90%.
Metodoloxía empregada
Metodoloxía: as unidades didácticas son abordadas dende unha proposta activa, baseada nos principios DUA. Escala 1 a 4.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Materiais e recursos didácticos: porcentaxe de unidades nas que se empregaron recursos materiais e didácticos descritos no apartado 4.1. Nivel de logro: 100%
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: adoptáronse medidas personalizadas en cada unidade didáctica. Escala 1 a 4.

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento de cada unidade didáctica levarase semanalmente a través da planificación de aula, así como na aplicación de PROENS ao remate de cada unha.

As modificacións irán quedando rexistradas no programa que servirán como proposta de mellora cara ao próximo curso.

Ademais, semanalmente iranse revisando as actividades propostas e modificando cando se requira.

Trimestralmente realizarase un seguimentos das avaliacións do alumnado para poder detectar erros e establecer propostas de mellora co fin de aumentar os resultados académicos.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004484	CEIP Plurilingüe da Laxe	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	4º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	25

1. Introducción

A programación didáctica é o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino aprendizaxe do alumnado dende a Educación Infantil ata a Educación Primaria.

Atopámonos nun Centro de Educación Infantil e Primaria dunha única liña e xornada continua, cun total de oito unidades, dúas de educación infantil e seis de educación primaria, enmarcado nun contexto rural-urbano de costa.

O CEIP plurilingüe da Laxe está sito na localidade de Marín. Situado na zona do Morrazo dentro da provincia de Pontevedra, recostada sobre a ría de Pontevedra. Contamos con servizo de comedor escolar para as familias que o precisen.

En canto ás instalacións e dependencias, o centro dispón dun único edificio con aulas de educación infantil, educación primaria, departamento de orientación, despachos dos órganos unipersoais, sala de mestres, aula de pedagogía terapéutica, aula de audición e linguaxe, biblioteca de centro, aula de música, aulas de inglés, aula de relixión católica, aula de relixión evanxélica, aula de psicomotricidade, aula multisensorial, aula de informática, varios aseos, salón de actos e aula de plástica. O recinto escolar conta con patios de recreo exteriores, un patio con parque infantil, ademais dun pavillón con vestiarios para realizar as clases de educación física.

Preto do centro está a biblioteca pública, a alameda, a praza, diferentes parques infantís e dous institutos de educación secundaria obrigatoria, un deles ao que estamos adscritos.

O CEIP da Laxe conta cun total de 110 alumnos/as matriculados no curso académico 2023/2024, o tempo de duración das diferentes sesións é de 50 minutos, dedicándolle 30 minutos ao tempo de lecer.

En canto ao profesorado, o centro conta con persoal docente e non docente. O persoal docente está formado por dúas mestras de educación infantil (unha delas tamén directora do centro), seis mestres de educación primaria, un especialista de pedagogía terapéutica, un especialista en audición e linguaxe (compartida), unha especialista de inglés, unha especialista en lingua francesa, un especialista en educación física, unha especialista en música, unha mestra de relixión evanxélica compartida con tres centros máis e unha mestra de relixión católica compartida cun centro e o orientador. O persoal non docente está formado pola conserxe, a coidadora e a auxiliar de conversa.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, recentemente modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, regula no capítulo terceiro do seu título preliminar a definición de currículo e enumera os elementos que o integran, e tamén establece que o currículo deberá estar orientado a facilitar o desenvolvemento educativo do alumnado, garantindo a súa formación integral, contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e preparandoo para o exercicio pleno dos dereitos humanos e dunha cidadanía activa e democrática na sociedade actual, sen que en ningún caso poida supoñer unha barreira que xere abandono escolar ou impida o acceso e o exercicio do dereito á educación.

Así mesmo, coas modificacións introducidas pola citada Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, realízase unha nova distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, e establécese que, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos títulos correspondentes, o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación e os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Esas ensinanzas mínimas requirirán o 50 por cento dos horarios escolares para as comunidades autónomas que teñan lingua cooficial, como é o caso da Comunidade Autónoma de Galicia. As administracións educativas, pola súa vez, serán as responsables de establecer o currículo correspondente para o seu ámbito territorial, do cal formarán parte os aspectos básicos antes mencionados.

Finalmente, corresponderá aos propios centros docentes desenvolver e completar, de ser o caso, o currículo de cada etapa e ciclo no uso da súa autonomía, tal como se recolle na propia lei.

Por outra banda, con relación á educación primaria, a nova redacción da lei modifica algúns aspectos da ordenación e da organización das ensinanzas desa etapa.

En desenvolvemento do anterior, o Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación primaria, aprobou e concretou a nivel estatal as ensinanzas mínimas para a educación primaria e determinou os aspectos básicos do currículo, así como outros aspectos da súa ordenación, tales como a avaliación e a promoción, a atención ás diferenzas individuais, a autonomía dos centros e os documentos e informes de avaliación.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída no artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, competencia plena sobre a regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución española e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do artigo 81 desta, o desenvolvan e das facultades que atribúe ao Estado o número 30 do punto 1 do artigo 149 da Constitución española, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e a súa garantía.

Neste contexto, este decreto ten por obxecto establecer a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no

Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación primaria.

A Educación Física na etapa da educación primaria prepara o alumnado para afrontar unha serie de retos fundamentais que pasan pola adopción dun estilo de vida activo, o coñecemento da propia corporalidade, o achegamento a manifestacións culturais de carácter motor, a integración de actitudes ecosocialmente responsables ou o desenvolvemento de todos os procesos de toma de decisión que interveñen na resolución de situacións motrices. Estes elementos contribúen a que o alumnado sexa motrizmente competente, o que facilita o seu desenvolvemento integral, posto que a motricidade constitúe un elemento esencial e indisoluble da propia aprendizaxe.

As competencias establecidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico, na súa adecuación á etapa de educación primaria, xunto cos obxectivos xerais da etapa, concretaron o marco de actuación para definir os obxectivos da área. Este elemento curricular convértese no referente que se debe seguir para lle dar forma a unha área que se pretende desenvolver de xeito que sexa máis competencial, máis actual e máis aliñada coas necesidades da cidadanía para afrontar os retos e os desafíos do século XXI.

Os obxectivos da área de Educación Física na etapa de educación primaria recollen e sintetizan estes retos, abordando a motricidade de forma máis estruturada para lles dar continuidade aos logros e aos avances experimentados polo alumnado antes da súa escolarización obrigatoria. O descubrimento e a exploración da corporalidade, esenciais para as actuacións que se desenvolven desde o enfoque da psicomotricidade, dará paso a un tratamento máis preciso e en profundidade do corpo, que pretenderá sentar as bases para a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos na etapa de educación secundaria obrigatoria para, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida.

A motricidade, desde a integración dos compoñentes do esquema corporal, desenvolverase no seo de prácticas motrices con diferentes lóxicas internas, con obxectivos variados e en contextos de certeza e incerteza. A resolución de situacións motrices en diferentes espazos permitiralle ao alumnado afrontar a práctica motriz con distintas finalidades: lúdica e recreativa, agonística, funcional, social, expresiva e comunicativa, creativa, catártica ou de interacción co medio urbano e natural.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices a que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo-motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa. Isto contribuirá a manter e a enriquecer un espazo compartido de carácter verdadeiramente intercultural nun mundo cada vez máis globalizado.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

O grao de desenvolvemento e a consecución dos diferentes obxectivos da área será avaliado a través dos criterios que constitúen o referente para levar a cabo este proceso. A relación existente entre os criterios de avaliación e os contidos permitirá integrar e contextualizar a avaliación no seo das situacións de aprendizaxe ao longo da etapa.

Os criterios de avaliación e os contidos da área de Educación Física organízanse en seis bloques, que se deberán desenvolver en distintos contextos coa intención de xerar situacións de aprendizaxe variadas.

Pola influencia vital do movemento na aprendizaxe, recoméndase o desenvolvemento de distintas situacións de aprendizaxe que incorporen o movemento como recurso, así como enfoques e proxectos interdisciplinares na medida en que sexa posible. Estas situacións integrarán procesos orientados á adquisición das competencias e deberán enfocarse desde diferentes bloques, evitando centrarse nun de maneira exclusiva e, simultaneamente, desde a articulación con elementos plurais como as diferentes opcións metodolóxicas de carácter participativo, os modelos pedagóxicos, o tipo e a intención das actividades expostas ou a organización dos grupos. Será igualmente importante ter en conta a regulación dos procesos comunicativos, o desenvolvemento das relacións interpersoais e da autoestima, a conversión de espazos e materiais en oportunidades de aprendizaxe e a transferencia do coñecemento adquirido a outros contextos sociais próximos que permitan comprobar o valor do aprendido, aspecto este último clave para unha sociedade xusta e equitativa.

Todos estes procesos deben establecerse en función da interrelación dos contidos, do docente, do alumnado e do contexto en que se aplican, pero sobre todo cómpre ter claro por que e para que se utilizan.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O corpo e a súa expresión: Danzas e Acrosport.	Traballo a través da utilización do corpo para expresarse por medio de bailes e danzas ademáis de traballar un deporte como é o Acrosport.	20	15	X		
2	Somos equilibristas.	Traballo do equilibrio estático e dinámico.	15	10	X		
3	Deportes de raqueta: Bádminton	Traballo da coordinación óculo-man, os reflexos e as capacidades físicas básicas a través do bádminton.	15	10		X	
4	Iniciación ós deportes colectivos.	Traballo a través dos xogos para coñecer e practicar diferentes deportes de equipo.	15	10		X	
5	Material de reciclaxe e alternativo. Iniciación á Orientación.	Práctica, coñecemento e elaboración de diferentes xogos e deportes a través de materiais reciclados e alternativos como é a Orientación.	20	15			X
6	Xogos tradicionais na natureza e patio.	Practica e coñecemento dos xogos tradicionais da Comunidade Autónoma de Galicia na contorna e patio exterior do centro.	15	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O corpo e a súa expresión: Danzas e Acrosport.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñece a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo. Con axuda.	TI	100
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplica medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás. Con axuda.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais e superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Recoñece a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais, superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz. Con axuda.		
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplica medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás. Con axuda.		
CA2.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais e superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Recoñece a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais, superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz. Con axuda.		
CA2.4 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Realiza proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos. Con axuda.		
CA2.6 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respecta as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes. Con axuda.		
CA3.1 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Realiza proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos. Con axuda.		
CA3.4 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Reproduce distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade. Con axuda.		
CA4.5 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Reproduce distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade. Con axuda.		
CA5.1 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Emprega os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles. Con axuda.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolve habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia. Con axuda.		
CA5.5 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Reproduce distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade. Con axuda.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos e psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados. - Hidratación na práctica da actividade física. - Educación postural en accións motrices habituais. - Factores básicos que inciden no coidado do corpo. - Saúde social: - A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas. - Límites para evitar unha competitividade desmedida. - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas. - Saúde mental: - Beneficios a nivel psicolóxico dun estilo de vida activo. - Respecto e aceptación do propio corpo. - Autoconecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Elección da práctica física: usos e finalidades catárticos, lúdico-recreativos e cooperativos. Respecto ás eleccións dos demais. - Coidado e preparación do material, espazos e instalacións que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver. - Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física. - Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado.

Contidos

- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións.
- Toma de decisións:
- Distribución racional do esforzo en situacións motrices individuais.
- Esquema corporal.
- Control tónico-postural e independencia segmentaria en situacións motrices.
- Conciencia e control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Conciencia dos diferentes tipos de respiración.
- Definición da lateralidade.
- Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.
- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.
- Concepto de deportividade.
- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas do mundo como manifestación da interculturalidade.
- Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia.
- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas simples.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo.

UD	Título da UD	Duración
2	Somos equilibristas.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñece a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo. Con axuda.	TI	100
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material, así como dos espazos e instalacións, no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Toma medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material e cos espazos e instalacións no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto. Con axuda.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respecta as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais. Con axuda.		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Emprega os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles. Con axuda.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, controlando a impulsividade e as emocións negativas que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostra unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz. Con axuda.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos e psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados. - Hidratación na práctica da actividade física. - Educación postural en accións motrices habituais. - Factores básicos que inciden no coidado do corpo. - Saúde social: - A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas. - Límites para evitar unha competitividade desmedida. - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas. - Saúde mental: - Beneficios a nivel psicolóxico dun estilo de vida activo. - Respecto e aceptación do propio corpo. - Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Elección da práctica física: usos e finalidades catárticos, lúdico-recreativos e cooperativos. Respecto ás eleccións dos demais. - Coidado e preparación do material, espazos e instalacións que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver. - Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física. - Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións. - Toma de decisións: - Distribución racional do esforzo en situacións motrices individuais. - Esquema corporal. - Control tónico-postural e independencia segmentaria en situacións motrices. - Equilibrio estático e dinámico en situacións a diversas alturas e sobre superficies estables e inestables. - Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima. - Concepto de deportividade.

UD	Título da UD	Duración
3	Deportes de raqueta: Bádminton	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñece a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo. Con axuda.		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostra unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz. Con axuda.		
CA2.5 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Adopta decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, ó grupo e a lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos simulados de actuación. Con axuda.	TI	100
CA2.6 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respecta as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais. Con axuda.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Procura imaxes en soporte dixital para organizalas e transformalas nunha produción propia (novela, historia, póster, mural...).		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Participar, con axuda, no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valorar e respectar a creación de propostas artísticas dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións, valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxel - Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias de recepción activa. - Principais profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. - Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero. - Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais. - Características elementais da linguaxe audiovisual multimodal.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Rexistro e edición básica de elementos audiovisuais: conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais e de manexo sinxelo. - Producións multimodais: iniciación na realización con diversas ferramentas sinxelas e accesibles. Recoñecemento de características elementais da linguaxe audiovisual multimodal. - Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
3	Sensacións	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Interpreta e comenta, o contido das imaxes dunha obra artística concreta.	TI	100
CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica a influencia dos fondos de cor. Identifica as formas de representar a figura humana nas obras.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Expresa con respecto as sensacións e as apreciacións persoais sobre as obras plásticas dunha persoa autora ou criterio artístico.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Representa, con axuda, formas naturais e artificiais presentes no contexto, utilizando instrumentos, técnicas e materiais adecuados na súa obra persoal.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Interiorizar as normas elementais de comportamento e mostrar unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Identifica as formas en que está representada a figura humana nas obras plásticas vistas no ordenador.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando os instrumentos ao seu alcance.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar con creatividade algunhas ideas, a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada no deseño de producións, traballando de forma cooperativa asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir, con axuda, as experiencias creativas, explicando o proceso e o resultado final.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Coñece, utiliza e valora os recursos tecnolóxicos básicos para a elaboración das propias creacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor. - Progreso no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións, valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias de recepción activa. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Rexistro e edición básica de elementos audiovisuais: conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais e de manexo sinxelo. - Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Producións audiovisuais. Traballo colaborativo e importancia do proceso dalgúns dos diferentes xéneros e formatos. Introducción á utilización de recursos dixitais e audiovisuais para a elaboración de obras artísticas. - Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación. - Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
4	Gaudí	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Coñece, lembra e describe, empregando un vocabulario axeitado, os datos máis relevantes da vida e obra de Gaudí.	TI	100
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Recoñece, con apoio, as obras máis coñecidas do artista.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e valora a relación entre natureza, medio ambiente e a arquitectura.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Identifica e relaciona as liñas, as formas planas e os volumes das obras de Gaudí.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participar, con axuda, no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Participa nun mosaico grupal baseado no estilo de Gaudí, amosando respecto polas ideas e opinións dos demais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identificar algúns elementos básicos de obras, e técnicas utilizadas. Expresar sensacións con axuda.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Realizar, con axuda; o que se explica na CA4. 4		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. - Progreso no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxel - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación. - Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada estará baseada nunha aprendizaxe competencial, encamiñada a acadar os obxectivos da materia e as competencias relacionadas. Para elo, levaranse a cabo proxectos significativos e interdisciplinares relacionados co entorno próximo do alumno; experimentos; actividades de indagación e investigación que promovan a observación, establecemento de hipóteses e relacións e obtención de conclusións, traballando o método científico. Ademais, realizaranse lapbooks, exposicións orais e outros traballos de forma cooperativa ou individual empregando ferramentas tecnolóxicas. Para elo, partiremos sempre dos coñecementos previos do alumnado, dende o particular ao xeral e do concreto ao abstracto. As explicacións en gran grupo levaranse a cabo con material de apoio visual.

Esta asignatura estará a desenrolarse no proxecto de Seccións Bilingües do centro polo tanto promoverase o uso da lingua estranxeira inglés o máximo posible. Tamén contaremos co apoio dun auxiliar de conversa nestas sesións.

O papel do mestre:

O mestre será unha guía no proceso de enseñanza-aprendizaxe do seu alumnado. Preparará actividades competenciais que promovan os intereses do neno/a, axeitadas a súa etapa de desenvolvemento. Será unha aprendizaxe global, activa, participativa, significativa e por descubrimento.

O mestre será concebido como guía e facilitador da aprendizaxe, que observa as necesidades, capacidades e intereses de cada alumno/a, ofrecendo as oportunidades para desenvolverse de forma autónoma e eficaz.

En canto á organización dos espazos, tempos e agrupamentos, variará en función das dinámicas que se leven a cabo:

-Espazos: a aula estará organizada, ás veces, por ambientes ou rincóns diversos.

-Tempos: ao inicio da sesión, explicarase que imos facer e a secuencia, de forma que progresivamente adquiren unha maior autonomía na realización das tarefas. Ademais, haberá un cronómetro dixital na PDI de forma que poidan observar o paso do tempo e sexan conscientes del.

-Agrupamentos: haberá momentos de traballo individual, por parellas ou pequeno grupo (3-4 personas). Os grupos serán de traballo cooperativo, heteroxéneos, diversos e mixtos en función das necesidades.

Ademais, levaranse a cabo actividades complementarias co fin de ampliar os aspectos curriculares.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais: titor, mestres de sección bilingüe, familias. Persoas externas de empresas, institucións, etc.
Recursos materiais: material funxible (libretas, lapis, rotuladores, ceras, cartolinas, folios...), libros de consulta, material didáctico...
Recursos tecnolóxicos e dixitais: tablets, internet, PDI, ordenadores, apps educativas, imaxes

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual neste centro é a aula de Plástica. É unha aula con ventanais que permiten a entrada de luz natural e tamén é unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades.

Conta cun ordenador e proxector que favorece o traballo coas novas tecnoloxías.

O material empregado está dentro da aula, (folios, cores, pinturas, pinceles, tesoiras, cartolinas...).

Contarase con zonas de exposicións de traballos como o corcho da aula, os corredores do centro e as demais dependencias.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a orden e limpeza desta aula.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial terá lugar ao longo do mes de setembro e recollerá información sobre:

- As características do alumno/a, os seus intereses, peculiaridades a través de xogos de preguntas, cuestionarios...
- Informes do DO se fose o caso en relación ao alumnado con NEAE.
- Reunións co profesorado especialista en AL, PT, Xefe/a do DO.
- Observación directa do alumnado.

Realizarase probas durante as 4 primeiras sesións a modo de avaliación inicial e a través de produción/s concreta/s

que permitan establecer uns criterios claros do nivel mínimo de cada alumna/o.

A partir do conxunto de datos obtidos proporáanse, nunha reunión co equipo docente, as medidas axeitadas a realizar na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada; así poder convir o modo intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	18	18	24	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 60% + UD4 40%

-2º trim.: UD2 60% + UD4 40%

-3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 30%

-2º trim. 30%

-3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

-se o decimal estiver entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

-se o decimal estiver entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos ao final de cada trimestre. A recuperación consistirá nun debuxo e unha manualidade bidimensional ou tridimensional relacionados coas UD do Trimestre. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia, mediante a axenda do alumnado e/ou a través do Abalar, así como do xeito de como pode recuperar dita UD.

Ademais, se estes non foren acadados trimestralmente, isto poderá ser acadado de cara á avaliación final. Téñase en conta que, por un lado, na UD3 recóllense todos os CA das UD1 e UD2 e, por outro lado, a UD4 trabállase en todos os trimestres.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos adicionais con cartas, taboleiros...

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita		X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual			X	X
ET.4 - Competencia dixital		X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X		

Observacións:

Os elementos transversais, eiqúí numerados, 1-6, 8 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Decorar os corredores trimestralmente.	Decoración dos corredores cos traballos propostos para celebrar as conmemoracións escolares realizadas.	X	X	X
Exposicións dos traballos realizados en cada UD.	Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, patio, espazos comúns...	X	X	X
Exposición con invitación ás familias.	No 3º trimestre exposición guiada das obras de Gaudí no centro polo alumnado con invitación ás familias.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Clima de traballo na aula
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro. Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectírase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliaremos trimestralmente a temporalización prevista na programación . No caso de non cumprir esta analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas,
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004484	CEIP Plurilingüe da Laxe	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	4º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

A lingua é o instrumento de comunicación empregado a diario para entender e producir mensaxes comunicativos orais e escritos. A competencia comunicativa e lingüística é esencial para poder desenvolverse nas diversas situacións da vida.

A área de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo principal o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Organizarase arredor de estratexias relacionadas con falar, escoitar, ler, comprender e escribir, co fin de proporcionarlle ao alumnado ferramentas que lle permitan responder os retos da sociedade do século XXI.

O CEIP da Laxe é un centro público de Educación Infantil e Primaria, situado no concello de Marín, Pontevedra. Está formado por dúas aulas mixtas de infantil e 6 de primaria. O alumnado para o cal se elaborou esta programación é o curso de 4º EP, formado por 9 nenos e nenas, con idades comprendidas entre os 8 e os 10 anos.

A área de Lingua Castelá e Literatura artículase en seis bloques:

- A lingua e os seus falantes.
- Comunicación oral.
- Comunicación escrita.
- Alfabetización mediática e informacional.
- Educación literaria.
- Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

Esta programación consta de 7 unidades didácticas que estarán detalladas no punto 3.1 En cada unha delas inclúense contidos relativos a cada un dos bloques anteriores que serán avaliados cos correspondentes criterios de avaliación. Preténdese así dar cobertura en todas as unidades ós aspectos fundamentais na aprendizaxe da lingua castelá, de xeito que os bloques mencionados non sexan compartimentos estancos, senón un eixe vertebrador da nosa programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Uso a miña voz	Fomentaremos o desenvolvemento e mellora da súa expresión oral mediante a realización e exposición de distintos traballos individuais, por parellas ou de forma grupal, así como a gravación de programas de radio.	15	20	X	X	X
2	Escoito con atención	Traballaremos a comprensión oral mediante a escoita activa de diversas audicións de temáticas variadas e tamén mediante o seguimento de distintas instrucións orais fomentando así tamén a súa atención.	10	12	X	X	X
3	Me expreso por escrito	Con esta unidade didáctica profundizaremos na elaboración de diferentes tipos de texto escrito (textos poéticos, narrativos, teatrais, informativos, prescritivos, etc.). Buscaremos que o alumnado coñeza e domine a estrutura de cada un dos textos traballados, á vez que adquiren e desenvolven recursos e estratexias para mellorar a súa expresión por escrito, prestando atención ó proceso de elaboración dun texto (planificación, redacción, revisión e edición) e adquirindo estratexias de revisión e mellora das súas producións, tanto a nivel estrutural e gramatical, como con respecto á coherencia e cohesión.	25	40	X	X	X
4	Comprendo o que leo	Ao longo desta unidade didáctica afondarase co alumnado na lectura comprensiva de diferentes textos escritos, tratando de que acaden as estratexias precisas para buscar, seleccionar e conectar aquela información relevante que facilite a comprensión das ideas principais	20	38	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Comprendo o que leo	e secundarias de cada lectura proposta. Ademais, buscarase que o alumnado sexa quen de recoñecer nos diferentes tipos de textos os recursos literarios presentes. Tamén formará parte desta unidade o fomento do hábito lector.	20	38	X	X	X
5	Comezamos a viaxe	Nesta unidade comezaremos traballando o PDI do centro: as 7 marabillas do mundo moderno. Neste caso será México e China coa celebración do "Día dos Mortos" e "Ano novo chino" respectivamente, coincidindo co noso Samaín e Nadal, coñecendo, características, costumes e tradicións de cada unha delas facendo uso da linguaxe oral e escrita. Ademais, traballarase co alumnado o recoñecemento e valoración das distintas linguas oficiais de España e Galicia, así como das súas diferentes variedades, investigando as linguas dos países traballados.	10	10	X		
6	Polvos de cores	Para continuar co PDI, no segundo trimestre centrarémonos no entroido de Brasil para comparalo co xa coñecido entroido galego. Remataremos o trimestre cun Holy Party estudando previamente a India e a súa marabilla. Nesta unidade didáctica terá gran presenza a educación literaria.	10	10		X	
7	Chegamos á meta	O último trimestre será para facer un recorrido polo coliseo romano e o Machu Pichu de Perú. Finalizamos o curso coa preparación e exposición da nosa viaxe polo mundo polo que terá gran presenza o bloque 4 "alfabetización mediática e informacional" coa busca, selección e contraste da información en pequenas investigacións relacionadas con PDI.	10	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Uso a miña voz	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Diríxese con respecto aos compañeiros e compañeiras nas situacións comunicativas propostas.	TI	100
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	A partir de temas tratados, incorpora novo vocabulario empregándoo.		
CA2.3 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar.	Respecta as quendas nas conversas en grupo.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Expón oralmente e con coherencia deferentes textos traballados.		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.	Participa en interaccións orais e respecta as normas de cortesía.		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.	Expresa con claridade e coherencia as respostas ás demandas presentada na aula.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Ten en conta as opinións alleas na resolución de conflitos.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Expón oralmente textos de diferente índole e comparte os resultados.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Expresar oralmente e con claridade a súa opinión sobre unha lectura.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando en comunidades lectoras do ámbito escolar.	Compartir oralmente a súa experiencia lectora de forma clara.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Recita algún texto literario da tradición oral traballado na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. - Contexto

Contidos

- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo.
- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral en distintas situacións.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión á hora de expresarse oralmente.
- Procesos: interacción oral.
- Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais e informais elementais, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
- Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: produción oral
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía, atendendo á súa intención comunicativa. Pronuncia e entoación adecuadas.
- Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais.
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
- Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida das obras a través de conversacións literarias, participando nas comunidades lectoras escolares.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas progresando no ritmo, entoación e dicción.
- Elaboración de textos con intención literaria de maneira libre, a partir de modelos dados, ou recreación de textos literarios e recoñecemento de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade.

UD	Título da UD	Duración
2	Escoito con atención	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Identificar nun texto oído polo menos dúas ideas principais.	TI	100
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	Ampliar o vocabulario a partir dos aspectos traballados na aula e incorpora algún na súa linguaxe.		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.	Participar en interaccións orais respectando as normas establecidas.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Recoñece e valora o emprego oral da lingua oral empregando un tono axeitado.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal, que recollan a diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos esenciais dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Escoitar con atención textos variados da literatura infantil universal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos: comprensión oral. - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís) realizando as inferencias necesaria - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen o interese e gustos. - Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar, recoller datos e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos. - Detección de posibles usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida das obras a través de conversacións literarias, participando nas comunidades lectoras escolares.

UD	Título da UD	Duración
3	Me expreso por escrito	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Redactar textos en diferentes soportes respectando a estrutura básica de cada un e con coherencia na información transmitida.	TI	100
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e a información relevante.	Presentar documentos escritos coidando os elementos paratextuais básicos (título destacado, marxes e separación de párrafos).		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Ser capaz de expresar por escrito información con carácter funcional.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Propoñer por escrito unha solución coherente ante unha situación discriminatoria.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Recoñecer e valora o emprego escrito da lingua empregando un tono axeitado, respectando as diferencias de compañeiros e compañeiras.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Redactar un texto narrativo con intención literaria, a partir dun modelo dado.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redactar textos en diferentes soportes respectando a estrutura básica de cada un e con coherencia na información transmitida.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físcos ou dixitais.	Detectar aspectos do texto que dificultan a súa comprensión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Contexto

Contidos

- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico) e forma (estrutura, formato, título, imaxes).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos.
- Procesos: produción escrita.
- Aplicación das normas ortográficas básicas e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita e a elaboración de textos.
- Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Elaboración de textos con intención literaria de maneira libre, a partir de modelos dados, ou recreación de textos literarios e recoñecemento de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade.
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación), utilización, formulación e comprobación de hipóteses e contrastes entre distintas linguas.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos, aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos e ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical elemental de referencia interna.

UD	Título da UD	Duración
4	Comprendo o que leo	38

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Ler e identificar, como mínimo, dúas ideas principais do texto traballado.	TI	100
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, ampliando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Ler e comprender un texto dado e o vocabulario traballado no mesmo.		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses.	Identificar palabras clave dun texto.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Sinalar as partes básicas dos diferentes tipos de textos traballados.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora, e o gusto pola lectura.	Ler con fluidez e coa entonación axeitada os textos presentados.		
CA3.8 - Coñecer o funcionamento das bibliotecas de aula, de centro e as virtuais, participando nas actividades organizadas e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia.	Facer un uso correcto das bibliotecas.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus gustos e intereses avanzados na construción da súa identidade lectora.	Ler e responder preguntas sobre un texto dado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Estratexias para a comprensión lectora de textos, axeitados á súa idade, de diversas tipoloxías. - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico) e forma (estrutura, formato, título, imaxes). - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición. - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos. - Procesos: comprensión lectora. - Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo. - Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos, realizando as inferencias necesarias.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elementos gráficos, textuais e paratextuais complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión dos textos. - Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar unha ortografía correcta. - Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer. - Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Construción da identidade lectora a partir de lecturas de textos procedentes de diversas fontes de información.

UD	Título da UD	Duración
5	Comezamos a viaxe	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotián.	Recoñecer e respectar as variedades lingüísticas.	TI	100
CA1.2 - Identificar, con certa autonomía e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, achegando alternativas e recoñecendo a pluralidade lingüística da súa contorna como unha fonte de riqueza cultural.	Explicar coas súas palabras algún prexuízo ou estereotipo lingüístico traballado na aula.		
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna e valorar a diversidade cultural existente a través da interacción coas persoas próximas.	Identificar as linguas da contorna.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación.	Detectar algún abuso de poder a través da palabra nun texto proposto na aula.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Diferenciar a linguaxe coloquial da formal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Recoñecer os elementos que forman unha oración e utilízaos para crear e comprender textos sinxelos.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica as normas ortográficas e gramaticais traballadas na aula con apoio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo. - Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma. - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística para achegarse á súa contorna. - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. - Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas de xeito individual e grupal. - Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais (xénero, número e persoa), prestando especial atención ás relacións que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos, utilizando unha metalinguaxe específica elemental. - Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes. - Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
6	Polvos de cores	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.	Ler e facer valoracións persoais dos libros lidos.	TI	100
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando en comunidades lectoras do ámbito escolar.	Compartir unha valoración argumentada sobre un libro.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como fonte de lecer e información.	Expresar de forma argumentada a súa valoración persoal sobre unha lectura proposta.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Aporta opinións persoais nos debates literarios.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	Realizar dous préstamos da biblioteca ao longo do trimestre.		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria e diferenzas das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñecer algún recurso literario básico.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Expresarse correctamente prestando atención á concordancia entre substantivo, adxectivo e verbo.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica as normas de ortografía traballadas na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores. - Construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e iniciación á valoración argumentada das obras. - Valoración dos textos literarios da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal. - Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas. - Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. - Comprensión, memorización e recitado de poemas progresando no ritmo, entoación e dicción. - Elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios, trama, escenario, linguaxe) na construción do sentido da obra.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise guiada dos recursos expresivos e os seus efectos na recepción do texto. - Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais. - Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos e diferenciación dos principais xéneros literarios. - Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional. - Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais (xénero, número e persoa), prestando especial atención ás relacións que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos, utilizando unha metalinguaxe específica elemental. - Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
7	Chegamos á meta	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Localizar, seleccionar e contrastar a información con axuda.	TI	100
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Coñece a CDU do centro.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	Buscar información e identificar a relevante.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Escribir e falar prestando atención á concordancia das categorías gramaticais.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplicar as normas ortográficas traballadas na aula.		
CA6.6 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Adquirir vocabulario progresivamente a través dos textos traballados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Modelos explícitos para reelaborar a información.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais (xénero, número e persoa), prestando especial atención ás relacións que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos, utilizando unha metalinguaxe específica elemental.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e ampliación de vocabulario. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada estará baseada nunha aprendizaxe competencial, encamiñada a acadar os obxectivos da materia e as competencias relacionadas. Para elo, levaranse a cabo proxectos significativos e interdisciplinares relacionados co PDI do centro "Marabillarte".

Ademais, realizaranse debates sobre temas relacionados coa área e de actualidade ou intereses propios dos nenos e nenas, lapbooks, exposicións orais e outros traballos de forma cooperativa ou individual empregando ferramentas tecnolóxicas.

Dado que a aprendizaxe que se promoverá será competencial e interdisciplinar, proporanse situacións de aprendizaxe a través de plans de traballo no que se integren diferentes áreas.

Para elo, partiremos sempre dos coñecementos previos do alumnado, dende o particular ao xeral e do concreto ao abstracto. As explicacións en gran grupo levaranse a cabo sentados no chan en semicírculo, acompañados sempre de material de apoio visual.

A mestra será unha guía no proceso de enseñanza-aprendizaxe do seu alumnado. Preparará actividades competenciais que promovan os intereses do neno/a, axeitadas a súa etapa de desenvolvemento. Será unha aprendizaxe global, activa, participativa, significativa e por descubrimento.

A mestra será concebida como unha guía e facilitadora da aprendizaxe que observa as necesidades, capacidades e intereses de cada alumno/a, ofrecendo as oportunidades para desenvolverse de forma autónoma e eficaz.

En canto á organización dos espazos, tempos e agrupamentos, variará en función das dinámicas que se leven a cabo:

-Espazos: a aula estará organizada por ambientes (matemáticos, Lingua e ciencias) con diversas actividades manipulativas que complementen ao traballo diario, así como materiais diversos: sinónimos e antónimos, singular/plural, categorías gramaticais, comprensión lectora, etc.

-Tempos: ao inicio da sesión, explicarase que imos facer e a secuencia, de forma que progresivamente adquieran unha maior autonomía na realización das tarefas. Ademais, haberá un cronómetro dixital na PDI de forma que poidan observar o paso do tempo e sexan conscientes del.

-Agrupamentos: haberá momentos de traballo individual, por parellas ou pequeno grupo (3-4 persoas). Os grupos será heteroxéneos, diversos e mixtos en función das necesidades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais: titora, mestres de apoio, familias. Persoas externas de empresas, institucións, etc.
Recursos materiais: material funxible (libretas, lapis, rotuladores, ceras, cartolinas, folios...), libros de consulta, material didáctico (figuras gramaticais Montessori, dicionario), material manipulativo, plastilina, láminas e fotografías.
Recursos tecnolóxicos e dixitais: tablets, PDI, ordenadores, kahoot...
Biblioteca, radio escolar, zonas comúns...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é un proceso de toma de decisións durante o cal se recolle información. Debe formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino e ser reguladora e autorreguladora da aprendizaxe.

Por iso, a avaliación inicial levarase a cabo ao inicio de cada unidade didáctica co obxectivo de coñecer o punto de partida do alumnado, os seus intereses e detectar posibles dificultades ou necesidades. Tamen se realizará nas primeiras semanas de curso. Para isto teremos en conta os expedientes e informes de cada un deles/las, as entrevistas iniciais coas familias onde recolleremos información, reunións co DO, así como actividades e dinámicas sinxelas na clase.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	10	25	20	10	10	10	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

As catro unidades didácticas transversais terán un peso dun 70 % do total da nota final do curso. As demais unidades didácticas terán cada unha un peso do 10% da nota final do curso, empregando os instrumentos indicados na avaliación de cada unha delas (taboas de indicadores).

Unha vez obtida a cualificación de cada U.D., farase unha media ponderada entre as unidades didácticas tratadas na avaliación de cada trimestre.

A cualificación final coincide coa da 3ª avaliación, xa que, nas linguas iremos reforzando, afianzando e ampliando os contidos traballados ao longo de todo o curso.

Criterios de recuperación:

A avaliación da área linguística será continua, polo que si un alumno/a obtén unha cualificación positiva, dase por superada a avaliación anterior. De non ser así, o alumnado que leve unha cualificación negativa nunha avaliación recibirá un reforzo educativo, sendo observado nese proceso a evolución, empregando os instrumentos de avaliación indicados para cada criterio e realizando a nova cualificación en base a eles.

6. Medidas de atención á diversidade

Para atender a diversidade da aula teremos en conta o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, e a orden do 8 de setembro do 2021 polo que se regula a atención a diversidade nos centros educativos de Galicia.

Ademais, optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), que permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos). Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optárase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe. Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferentes linguaxes, serán elementos fundamentais a ter en conta xunto con estratexias diversificadas para as funcións executivas. Favorecerase a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias.

Deseñaranse actividades multinivel que permitan o traballo conxunto de todo o alumnado compartindo unha experiencia común, mais adaptada ao seu nivel e á súa capacidade de abstracción. Estas actividades deben estar inseridas en situacións de aprendizaxe, proxectos ou propostas integradas que posibiliten a contextualización necesaria.

As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos (que deberán ter variedade), como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro de datos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Et.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Et.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.3 - Et.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Et.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Et.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Et.6 - Medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións	Samaín, Entroido, Letras Galegas...	X	X	X
Saídas culturais	Concello, biblioteca municipal, teatro...	X	X	X
Actividades e obradoiros no centro	Contacontos, radio, ...	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Temporalización: a desviación entre o número de sesións programadas e as finalmente realizadas non supera o 15%. Secuenciación: os criterios de avaliación e contidos seleccionados para cada UD foron abordados nun 90%.
Metodoloxía empregada
Metodoloxía: as unidades didácticas son abordadas dende unha proposta activa, baseada nos principios DUA. Escala 1 a 4.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Materiais e recursos didácticos: porcentaxe de unidades nas que se empregaron recursos materiais e didácticos descritos no apartado 4.1. Nivel de logro: 100%
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: adoptáronse medidas personalizadas en cada unidade didáctica. Escala 1 a 4.

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento de cada unidade didáctica levarase semanalmente a través da planificación de aula, así como na aplicación de PROENS ao remate de cada unha.

As modificacións irán quedando rexistradas no programa que servirán como proposta de mellora cara ao próximo curso.

Ademais, semanalmente iranse revisando as actividades propostas e modificando cando se requira.

Trimestralmente realizarase un seguimentos das avaliacións do alumnado para poder detectar erros e establecer propostas de mellora co fin de aumentar os resultados académicos.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004484	CEIP Plurilingüe da Laxe	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	4º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 4º de primaria. Un grupo de alumnos de procedencia sociocultural diversa.

A comunicación en distintas linguas resulta esencial no desenvolvemento dunha cultura democrática.

A área de Lingua Estranxeira na etapa da educación primaria ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa básica na lingua estranxeira, así como o desenvolvemento e enriquecemento da conciencia intercultural do alumnado.

Os obxectivos da área de Lingua Estranxeira na educación primaria, en moitos casos, constitúen o punto de partida na aprendizaxe formal de idiomas. Pártese dun estadio aínda moi elemental da lingua estranxeira, polo que, durante toda a etapa, será imprescindible basear a aprendizaxe nos repertorios e experiencias do alumnado, facilitando así a súa participación en actos de comunicación sinxelos.

Os criterios de avaliación da materia preséntanse vinculados aos obxectivos. Estrutúranse en tres bloques: comunicación, plurilingüismo e interculturalidade.

Preténdese que o alumnado de 4º curso sexa capaz de poñer en funcionamento algúns saberes básicos no marco de situacións comunicativas propias dos diferentes ámbitos: persoal, social e educativo.

O carácter competencial do currículo levaranos a creación de tarefas interdisciplinares, contextualizadas, significativas e relevantes, e a desenvolver situacións de aprendizaxe nas que se considere o alumnado como axente social progresivamente autónomo e gradualmente responsable do seu propio proceso de aprendizaxe, e onde se teñan en conta os seus repertorios, intereses e emocións, así como as súas circunstancias específicas.

Esta programación está dividida en 4 Unidades Didácticas, unha delas levarase a cabo ao longo de todo o curso e as demais distribúense por trimestres.

Tal como se reflicte na introdución do Decreto polo que se establece o currículo de LE para a Educación Primaria, durante toda a etapa da educación primaria será imprescindible basear a aprendizaxe nos repertorios e experiencias do alumnado, facilitando así a súa participación en actos de comunicación sinxelos: práctica de actividades e estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación lingüística, entendida nesta etapa como a actividade orientada a facilitar a comprensión mutua e a procesar e transmitir información básica e sinxela.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	My everyday life	A través do traballo con esta UD o alumnado aprenderá a nomear expresións sinxelas de saúde, a describir ás persoas e a falar de rutinas diarias. Produto final: o alumnado fará presentacións ou vídeos de actividades diarias.	25	31	X		
2	What are we doing?	Traballarán expresións e conversas para mercar agasallos. Tamén practicarán accións de tarefas da casa. Elaborarán un rap en formato podcast sobre unha persoaxe elexida.	25	28		X	
3	Fun at the camp	No desenvolvemento desta UD, cada grupo de nenos e nenas elaborarán un vídeo sobre comidas e menús. Participaran en situacións simuladas expresando o que están a realizar no momento actual.	30	28			X
4	Let's celebrate!	Esta UD levarase ao cabo ao longo de todo o curso. Nela o alumnado apreciará as diferentes festividadeas en varios países do mundo. Fará pequenas investigacións e realizará presentacións.	20	18	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	My everyday life	31

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais.	Escribir palabras e frases moi simples, con apoio sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, usando estruturas e léxico elementais.	PE	30
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer o sentido global de palabras previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais sinxelos, sobre temas frecuentes, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible.	TI	70
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma guiada, os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar, de forma guiada, os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Realizar don axuda o que se explica na CA 3.2		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.

Contidos

- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
2	What are we doing?	28

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais.	Escribir con axuda seguindo o que se explica no CA1.4.	PE	20
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiáns e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Aplicar con axuda estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiáns e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	TI	80
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais.		
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar, con axuda, en situacións sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, preparadas previamente, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Utilizar, de forma guiada estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e contestar preguntas sinxelas.		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, usando, pero con axuda, recursos e apoios físicos e dixitais en función das necesidades de cada momento.	Utilizar de xeito guiado algunha estratexia que permita levar a cabo o proceso que se describe no CA1.9.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas con axuda.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias básicas para entender e apreciar os aspectos máis relevantes da diversidade lingüística, cultural e artística.	Aplicar con axuda estratexias básicas para entender e apreciar os aspectos máis relevantes da diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de aprendizaxe. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións básicas e cotiás; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos o conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso). - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común e funcións comunicativas xerais asociadas a eles. - Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
3	Fun at the camp	28

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiás, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer o sentido global, con apoio, de palabras e frases, previamente presentadas en textos, orais, escritos e multimodais sinxelos, sobre temas de relevancia persoal, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible.	PE	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Facer o que se explica no CA 1.5 poñendo esforzo e interese en conseguir comunicarse.	TI	75
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar, con apoio, en situacións interactivas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, preparadas previamente.		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e os interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Realizar, con axuda, o que se explica no CA 1.8		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Realizar, con axuda, o que se explica no CA 2.3		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñece, con axuda, a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; describir rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións básicas e cotiáns; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos o conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculpase, pedir permiso). - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornos de interese. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída. - Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
4	Let's celebrate!	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais.	Escribir con axuda seguindo o que se explica no CA1.4.	TI	100
CA1.9 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, usando, pero con axuda, recursos e apoios físicos e dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar de xeito guiado estratexias elementais que faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas,		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa. - Léxico e expresións, básicos e frecuentes relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua e a aprendizaxe. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes. - Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O alumnado é o centro de aprendizaxe polo tanto a programación da lingua estranxeira inglés partirá das aprendizaxes previas do grupo e xirará entornando aos seus intereses favorecendo o seu crecemento persoal e social.

Os nenos e nenas han de ser capaces de saber acceder aos coñecementos e aplicalos en contextos reais, para isto, lévase a cabo a aprendizaxe por competencias.

A metodoloxía pretende acercarse ao xeito natural que os nenos teñen de adquirir a linguaxe, mediante o oído e a repetición de expresións en contextos reais.

Buscarase a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/e coa lingua estranxeira.

Realizaranse proxectos significativos moi simples adaptados ao nivel educativo.

O alumnado achegarase a diversos modelos, vídeos e situacións de imitación que inclúen humor, xogos e historias motivadoras para lograr que recoñeza e repita as expresións propostas. Empregaranse as tecnoloxías dixitais e a radio escolar para favorecer a aprendizaxe do inglés.

Utilizaranse materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, tarxetas con imaxes do vocabulario das uds, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos, para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que podemos destacar a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos na lingua que queremos vaian adquirindo.

A aprendizaxe será de mellor calidade baseándose na actividade (TPR) e tamén no traballo cooperativo. Realizaranse pequenas dramatizacións, diálogos en parellas e en pequenos grupos.

As prácticas desenrolaranse ao redor de temas atractivos que pretenden aumentar a motivación dos nenos e nenas.

Asentarase a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

Deste xeito a metodoloxía será activa, participativa e inclusiva, tendo en conta que a fin última da linguaxe é a comunicación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Humanos: a mestra de inglés e outros invitados ou actores.
Materiais: A aula de inglés e demais espazos do centro.
Internet
Ordenador de aula, pantalla dixital, proxector, altofalantes.
Libro de texto: All About Us Now 4, Editorial Oxford e libro dixital.
Xogos diversos en inglés de diversos formatos.
Libros de lectura en inglés da biblioteca do centro.
Materiais para manualidades, cartolinas, etc.

O alumnado avanzará co apoio do libro dixital e o libro físico na aula. Participará activamente no traballo cooperativo, nos xogos na pantalla dixital así como en todos os xogos físicos que se propoñan. Usará diversos materiais para elaborar vídeos, audios, lapbooks, posters, etc.

Algúns exemplos que se usarán poden ser:

1- Páxinas web de xogos online:

British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/>

Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/fun-games/>

<https://www.eslgamesplus.com/clothes-and-colors-esl-vocabulary-esl-crocodile-board-game/>

2- Historias e contos animados publicados na rede tales coma:

" The Very Quiet Cricket": <https://www.youtube.com/watch?v=YdiGEjz5b0Q>

ou

" From Head to Toe": <https://www.youtube.com/watch?v=QpCebCxrPVk>

3 - Xogos de mesa (sempre relacionados co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado ou para a presentación do mesmo):

+ De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra; preguntas: adiviñar a tarxeta; memory game;

facer parellas

+ De taboleiro (dice and counters): con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar:

- Snakes and ladders.

- Parchís especial.

- Oca especial.

- Scrabble.

+ Dominós relacionados cos diferentes temas que vaíamos traballando ao longo do curso.

4 - Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a LE e incorporala á comunicación automática. Pódense citar aquí:

+ xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase; ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota,

+ xogos de rol,

+ xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números,

+ xogos de localización e movemento no espazo.

5- Libros de lectura, principalmente contos pero tamén poesía: é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente. Recomendamos libros publicados por editoriais dos países da LE que estamos traballando, destinados a nenos e nenas desta idade e máis novos.

6- Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que compramos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra-e.

Por exemplo:

+ Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais

+ Genially: <https://genial.ly/why-genially>

+ Canva: https://www.canva.com/es_419/

+ Ferramentas que nos ofrece Google para a escola

8- Encerado dixital interactivo - smart board

Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador, a partir daí todo son posibilidades.

9 - Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: radio, vídeo, tanto para a produción coma para un posterior uso na escoita e comprensión.

10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.

Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

11- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.

12- Rimas e cancións: permítennos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica e resultan motivadoras para todos os niveis educativos.

13- Actividades DUA: actividades que faciliten a participación de todo o alumnado dentro da súa diversidade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial usarase como un punto de partida para o desenrolo da programación deste nivel. Realizarase nas primeiras semanas do curso para coñecer o nivel competencial do alumnado, mediante probas para valorar as catro destrezas na lingua inglesa: comprensión oral, expresión oral, comprensión lectora e escritura. Comprobarase o coñecemento dalgúns temas do nivel anterior e avaliaranse mediante táboas de valoración.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	25	30	20	100
Proba escrita	30	20	25	0	20
Táboa de indicadores	70	80	75	100	80

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referente o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

Para cualificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, dramatizacións, realización de actividades, proxectos...

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas;

+ 1,2,3,4 décimas; o número enteiro quedaría como está.

+5,6,7,,8,9 décimas; ao número enteiro se lle engade 1 unidade.

A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua será obtida no terceiro trimestre.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha avaliación negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo aos seguintes criterios de recuperación.

Realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 100% da cualificación final.

6. Medidas de atención á diversidade

Dado que non todo o alumnado aprende da mesma maneira e ao mesmo ritmo, realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos adicionais con cartas, taboleiros...

Adaptaranse as actividades tanto para o alumnado con ritmo máis lento ou para o máis receptivo.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se poderán facer adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe. Promoverase o traballo inclusivo e cooperativo na área de Lingua Estranxeira dentro da aula e fora dela.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	
ET.3 - Comunicación audiovisual e TIC			X	
ET.4 - Educación emocional e valores				X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento		X		
ET.6 - Educación para a saúde	X			
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres		X		X

Observacións:

Os elementos transversais, eiqú numerados, trabállanse con regularidade na área de Lingua Estranxeira, no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 4 traballárase, de xeito especial, a través da unidade de conmemoracións do mundo que transcurre no tres trimestres.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Halloween Project	Xogos, presentacións e outros relacionados co día de Halloween.	X		
Christmas Project	Actividades e presentacións sobre o Nadal no mundo.	X		
Easter	Facer actividades relativas á Pascua en diferentes países.		X	
Saint Patricks	Actividades e presentacións para coñecer as tradicións de Saint Patrick en Irlanda e noutros países.		X	

Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu mestre de inglés.

Aproveitarase o traballo feito na aula na lingua materna para ampliar vocabulario e expresións na LE.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Medidas de atención á diversidade
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL.

Descrición:

Non se avaliará só ao alumnado, senón tamén á programación didáctica e a miña práctica docente, co fin de aportar calidade ao proceso e melloralo. Para iso empregáronse indicadores de logro, tendo en conta, entre outros aspectos, se as actividades foron motivadoras, se a atención á diversidade foi correcta, a progresión dos contidos foi adecuada, os recursos resultaron variados ou se a avaliación é útil e proporciona información relevante.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, co gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé nas análises das cualificacións obtidas nos trimestres.

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo de 2º ciclo será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para paliarlas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

Neste apartado cada mestra/e decidirá e plasmará os procedementos de seguimento e avaliación a ter en conta e, en consecuencia, fará as propostas de mellora necesarias. Este proceso farase a través da aplicación PROENS e, se é o caso, requirirá da coordinación e o acordo entre o profesorado do centro implicado na área de Lingua Estranxeira.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004484	CEIP Plurilingüe da Laxe	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	4º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

A lingua é o instrumento de comunicación empregado a diario para entender e producir mensaxes comunicativos orais e escritos. A competencia comunicativa e lingüística é esencial para poder desenvolverse nas diversas situacións da vida.

A área de Lingua Galega e Literatura ten como obxectivo principal o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado na lingua galega. Organizarase arredor de estratexias relacionadas con falar, escoitar, ler, comprender e escribir, co fin de proporcionarlle ao alumnado ferramentas que lle permitan responder os retos da sociedade do século XXI.

O CEIP da Laxe é un centro público de Educación Infantil e Primaria, situado no concello de Marín, Pontevedra. Está formado por dúas aulas mixtas de infantil e 6 de primaria. O alumnado para o cal se elaborou esta programación é o curso de 4º EP, formado por 9 nenos e nenas, con idades comprendidas entre os 8 e os 10 anos.

A área de Lingua Galega e Literatura artículase en seis bloques:

- A lingua e os seus falantes.
- Comunicación oral.
- Comunicación escrita.
- Alfabetización mediática e informacional.
- Educación literaria.
- Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

Esta programación consta de 7 unidades didácticas que estarán detalladas no punto 3.1 En cada unha delas inclúense contidos relativos a cada un dos bloques anteriores que serán avaliados cos correspondentes criterios de avaliación. Preténdese así dar cobertura en todas as unidades ós aspectos fundamentais na aprendizaxe da lingua galega, de xeito que os bloques mencionados non sexan compartimentos estancos, senón un eixe vertebrador da nosa programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Uso a miña voz	Fomentaremos o desenvolvemento e mellora da súa expresión oral mediante a realización e exposición de distintos traballos individuais, por parellas ou de forma grupal, así como a gravación de programas de radio.	15	20	X	X	X
2	Escoito con atención	Traballaremos a comprensión oral mediante a escoita activa de diversas audicións de temáticas variadas e tamén mediante o seguimento de distintas instrucións orais fomentando así tamén a súa atención.	10	12	X	X	X
3	Me expreso por escrito	Con esta unidade didáctica profundizaremos na elaboración de diferentes tipos de texto escrito (textos poéticos, narrativos, teatrais, informativos, prescritivos, etc.). Buscaremos que o alumnado coñeza e domine a estrutura de cada un dos textos traballados, á vez que adquiren e desenvolven recursos e estratexias para mellorar a súa expresión por escrito, prestando atención ó proceso de elaboración dun texto (planificación, redacción, revisión e edición) e adquirindo estratexias de revisión e mellora das súas producións, tanto a nivel estrutural e gramatical, como con respecto á coherencia e cohesión.	25	40	X	X	X
4	Comprendo o que leo	Ao longo desta unidade didáctica afondarase co alumnado na lectura comprensiva de diferentes textos escritos, tratando de que acaden as estratexias precisas para buscar, seleccionar e conectar aquela información relevante que facilite a comprensión das ideas principais	20	38	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Comprendo o que leo	e secundarias de cada lectura proposta. Ademais, buscarase que o alumnado sexa quen de recoñecer nos diferentes tipos de textos os recursos literarios presentes. Tamén formará parte desta unidade o fomento do hábito lector.	20	38	X	X	X
5	Comezamos a viaxe	Nesta unidade comezaremos traballando o PDI do centro: as 7 marabillas do mundo moderno. Neste caso será México e China coa celebración do "Día dos Mortos" e "Año novo chino" respectivamente, coincidindo co noso Samaín e Nadal, coñecendo, características, costumes e tradicións de cada unha delas facendo uso da linguaxe oral e escrita. Ademais, traballarase co alumnado o recoñecemento e valoración das distintas linguas oficiais de España e Galicia, así como das súas diferentes variedades, investigando as linguas dos países traballados.	10	10	X		
6	Polvos de cores	Para continuar co PDI, no segundo trimestre centrarémonos no entroido de Brasil para comparalo co xa coñecido entroido galego. Remataremos o trimestre cun Holy Party estudando previamente a India e a súa marabilla. Nesta unidade didáctica terá gran presenza a educación literaria.	10	10		X	
7	Chegamos á meta	O último trimestre será para facer un recorrido polo coliseo romano e o Machu Pichu de Perú. Finalizamos o curso coa preparación e exposición da nosa viaxe polo mundo polo que terá gran presenza o bloque 4 "alfabetización mediática e informacional" coa busca, selección e contraste da información en pequenas investigacións relacionadas con PDI.	10	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Uso a miña voz	20

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Diríxese con respecto aos compañeiros e compañeiras nas situacións comunicativas propostas.	TI	100
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	A partir de temas tratados, incorpora novo vocabulario empregándoo.		
CA2.3 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar.	Respecta as quendas nas conversas en grupo.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Expón oralmente e con coherencia deferentes textos traballados.		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.	Participa en interaccións orais e respecta as normas de cortesía.		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.	Expresa con claridade e coherencia as respostas ás demandas presentada na aula.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Ten en conta as opinións alleas na resolución de conflitos.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Expón oralmente textos de diferente índole e comparte os resultados.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Expresar oralmente e con claridade a súa opinión sobre unha lectura.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando na comunidade lectora escolar.	Compartir oralmente a súa experiencia lectora de forma clara.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Recita algún texto literario da tradición oral traballado na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. - Contexto

Contidos

- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo.
- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral en distintas situacións.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión á hora de expresarse oralmente en lingua galega.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais e informais elementais, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
- Estratexias de expresión e escoita activa empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: produción oral
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía, atendendo á súa intención comunicativa. Pronuncia e entoación adecuadas atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais.
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
- Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida das obras en galego, a través de conversacións literarias, participando activamente na comunidade lectora escolar.
- Recoñecemento de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro) e elaboración de textos con intención literaria de maneira libre, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios, valorando o sentido estético e a creatividade.

UD	Título da UD	Duración
2	Escoito con atención	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Identificar nun texto oído polo menos dúas ideas principais.	TI	100
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	Ampliar o vocabulario a partir dos aspectos traballados na aula e incorpora algún na súa linguaxe.		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.	Participar en interaccións orais respectando as normas establecidas.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Recoñece e valora o emprego oral da lingua oral empregando un tono axeitado.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal e galega, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos esenciais dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Escoitar con atención textos variados da literatura infantil universal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos: comprensión oral - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís), realizando as inferencias necesarias. - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen intereses e gustos. - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar, recoller datos e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos. - Detección de posibles usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación. - Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida das obras en galego, a través de conversacións literarias, participando activamente na comunidade lectora escolar.

UD	Título da UD	Duración
3	Me expreso por escrito	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Redactar textos en diferentes soportes respectando a estrutura básica de cada un e con coherencia na información transmitida.	TI	100
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante.	Presentar documentos escritos coidando os elementos paratextuais básicos (título destacado, marxes e separación de parágrafos).		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Ser capaz de expresar por escrito información con carácter funcional.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Propoñer por escrito unha solución coherente ante unha situación discriminatoria.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Recoñecer e valora o emprego escrito da lingua empregando un tono axeitado, respectando as diferencias de compañeiros e compañeiras.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Redactar un texto narrativo con intención literaria, a partir dun modelo dado.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redactar textos en diferentes soportes respectando a estrutura básica de cada un e con coherencia na información transmitida.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Detectar aspectos do texto que dificultan a súa comprensión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
 - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
 - Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico) e forma (estrutura, formato, título, imaxes).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos en lingua galega.
- Procesos: produción escrita
 - Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
 - Creación de textos breves utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
 - Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
 - Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación, o modelo discursivo que corresponda e progresando no uso de normas ortográficas.
 - Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos.
- Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Recoñecemento de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro) e elaboración de textos con intención literaria de maneira libre, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios, valorando o sentido estético e a creatividade.
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación), utilización, formulación e comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos, aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos e ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical elemental e referencia interna.

UD	Título da UD	Duración
4	Comprendo o que leo	38

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Ler e identificar, como mínimo, dúas ideas principais do texto traballado.	TI	100
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Ler e comprender un texto dado e o vocabulario traballado no mesmo.		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses.	Identificar palabras clave dun texto.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Sinalar as partes básicas dos diferentes tipos de textos traballados.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Ler con fluidez e coa entonación axeitada os textos presentados.		
CA3.8 - Coñecer o funcionamento das bibliotecas de aula, de centro e das virtuais, participando nas actividades organizadas e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Facer un uso correcto das bibliotecas.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Ler e responder preguntas sobre un texto dado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade. - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico) e forma (estrutura, formato, título, imaxes). - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición. - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos en lingua galega. - Procesos: comprensión lectora - Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega, realizando as inferencias necesarias. - Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión dos textos. - Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer. - Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Construción da identidade lectora a partir de lecturas de textos en galego procedentes de diversas fontes de información.

UD	Título da UD	Duración
5	Comezamos a viaxe	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotián.	Recoñecer e respectar as variedades lingüísticas.	TI	100
CA1.2 - Identificar, con certa autonomía e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e recoñecendo a pluralidade lingüística da súa contorna, especialmente a dualidade galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural.	Explicar coas súas palabras algún prexuízo ou estereotipo lingüístico traballado na aula.		
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna e valorando a diversidade cultural existente a través da interacción coas persoas próximas.	Identificar as linguas da contorna.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Detectar algún abuso de poder a través da palabra nun texto proposto na aula.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Diferenciar a linguaxe coloquial da formal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Recoñecer os elementos que forman unha oración e utilízalos para crear e comprender textos sinxelos.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica as normas ortográficas e gramaticais traballadas na aula con apoio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo. - Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma. - Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión lingüística para achegarse á súa contorna. - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. - Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas de xeito individual e grupal. - Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ás relacións (xénero, número, persoa) que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos, utilizando unha metalinguaxe específica elemental. - Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes. - Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
6	Polvos de cores	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses, fomentando o gusto pola lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada.	Ler e facer valoracións persoais dos libros lidos.	TI	100
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando na comunidade lectora escolar.	Compartir unha valoración argumentada sobre un libro.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega como vehículo de comunicación e como fonte de lecer e información.	Expresar de forma argumentada a súa valoración persoal sobre unha lectura proposta.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Aporta opinións persoais nos debates literarios.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos en lingua galega na práctica escolar.	Realizar dous préstamos da biblioteca ao longo do trimestre.		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñecer algún recurso literario básico.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Expresarse correctamente prestando atención á concordancia entre substantivo, adxectivo e verbo.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica as normas de ortografía traballadas na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores. - Construción da identidade lectora a través da lectura de textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e iniciación á valoración argumentada das obras. - Valoración dos textos literarios da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal. - Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas. - Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. - Comprensión, memorización e recitado de poemas, progresando no ritmo, entoación e dicción. - Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios, trama,

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - escenario, linguaxe) na construción do sentido da obra. - Análise guiada dos recursos expresivos e os seus efectos na recepción do texto. - Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais. - Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos e diferenciación dos principais xéneros literarios. - Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional. - Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ás relacións (xénero, número, persoa) que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos, utilizando unha metalinguaxe específica elemental. - Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
7	Chegamos á meta	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Localizar, seleccionar e contrastar a información con axuda.	TI	100
CA1.6 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións con apoio.		
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	Empregar a calculadora na resolución de problemas ou tarefas matemáticas con axuda.		
CA1.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.		
CA4.2 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada con apoio.		
CA4.6 - Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional.	Describir rutinas e actividades sinxelas de vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.		
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas con axuda.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.8 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos, aplicando coñecementos e experiencias propios.	Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios con axuda.		
CA5.1 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo con respecto.		
CA5.2 - Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	Interpretar problemas sinxelos da vida cotiá, comprendendo as preguntas expostas.		
CA5.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada con axuda.		
CA5.4 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida con apoio.		
CA5.5 - Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Dar un exemplo de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente		
CA5.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións entre elas.		
CA5.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá.		
CA5.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sentido das operacións - Estratexias de cálculo mental para resolver operacións de suma, resta, multiplicación e división en situacións habituais e significativas, explicación das estratexias e dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración. - Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas, restas, multiplicacións e divisións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados. - Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido. - Resolución de operacións combinadas en problemas contextualizados con atención á súa xerarquía, aplicación das súas propiedades, as estratexias persoais e os procedementos máis adecuados segundo a natureza do cálculo: mental, estimacións, algoritmos ou calculadora.

Contidos

- Estratexias e ferramentas de resolución de sumas, restas, multiplicacións e divisións de números naturais resoltas con flexibilidade e sentido en situacións contextualizadas: propiedades das operacións.
- Formulación de problemas que se resolvan con sumas (como incremento), restas (como diminución, comparación e complemento), multiplicacións (como suma abreviada, repetición e operador multiplicativo) ou divisións (como repartición ou agrupación) baseados en situacións familiares e cotiás que permitan establecer conexións con experiencias propias.
- Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.
- Relacións
 - Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre a suma e a resta, a suma e a multiplicación, a división e a resta, a multiplicación e a división: aplicación en contextos cotiás.
- Educación financeira
 - Identificación do valor e das equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea, con emprego desas equivalencias para resolver problemas de compra-venda en situacións reais e simuladas.
 - Identificación e experimentación na vida cotiá de situacións que requiran administración do diñeiro (ingresos e gastos), fomento do aforro e do consumo responsable en contextos de xogo.
 - Estimación e cálculo do gasto para realizar e das moedas e billetes necesarios para pagar, así como do cambio, en problemas da vida cotiá, contraste das estimacións e rectificación en función deses contrastes.
 - Formulación e resolución de problemas, de maneira individual e en equipo, nos que sexa necesario o uso de moedas e billetes relacionados co sistema monetario europeo: orzamentos sinxelos, situacións de compra e venda, planificación de aforro necesarioz con verificación do resultado e da necesidade de rectificar en función do erro.
- Modelo matemático
 - Resolución de problemas da vida cotiá seguindo un proceso pautado de modelización con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para a interpretación do enunciado, recoñecemento de datos útiles, elaboración e contraste de hipótese, procura do plan de acción, perseveranza na solución, simbolización e realización dos cálculos, comprobación de solucións, expresión clara e correcta do resultado, revisión da súa idoneidade, rectificación se é necesaria e explicación do realizado.
- Organización e análise de datos
 - Resolución de problemas contextualizados que impliquen o uso de estratexias guiadas para a recollida, clasificación, ordenación, reconto, rexistro (táboas de dobre entrada, gráficas, rexistro simbólico) e comunicación de datos cualitativos cuantificables ou cuantitativos discretos de mostras pequenas e representación en gráficas destes mediante recursos tradicionais e aplicacións informáticas sinxelas.
 - Extracción, interpretación e explicación de información relacionada co contexto familiar e próximo a través da lectura individual e en equipos de gráficos estatísticos (pictogramas, diagramas de barras, histogramas); uso desa información na resolución de problemas.
 - Identificación da moda como o dato máis frecuente en conxuntos de datos.
 - Comparación gráfica de dous conxuntos de datos para establecer relacións e extraer conclusións.
- Incerteza
 - Identificación e recoñecemento da incerteza en situacións da vida cotiá a través de experimentos baseados en xogos como cartas, dados, moedasz
 - Utilización de expresións como seguro, posible e imposible na valoración de resultados de experiencias lúdicas ou cotiás sinxelas nas que intervén o azar e identificación de sucesos aleatorios no seu contorno próximo.
 - Comparación da probabilidade de dous sucesos de forma intuitiva.
- Inferencia

Contidos
- Formulación de conxecturas a partir dos datos recolleitos e analizados, dándolles sentido no contexto de estudo.

UD	Título da UD	Duración
7	Construción de figuras sólidas	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo de forma respectuosa.	TI	100
CA3.2 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Producir representacións matemáticas mediante o diagrama todo-partes de forma gráfica ou manipulativa.		
CA3.5 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios con axuda.		
CA3.6 - Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións entre elas.		
CA3.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo un vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá.		
CA3.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións - Resolución de problemas que impliquen o recoñecemento, clasificación e descrición de corpos xeométricos (cubo, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) en obxectos e imaxes da súa contorna con explicación do proceso seguido, demostrando curiosidade por descubrir relacións. - Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables (cuadrículas, xeoplanos, policubos, bloques xeométricos, organicubos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram...) e o manexo de ferramentas dixitais (realidade aumentada, robótica educativa, xeometría dinámica) para buscar regularidades, comparalas e clasificalas con criterios sinxelos con explicación do proceso. - Localización e sistemas de representación - Interpretación e descrición da posición relativa de obxectos do espazo real, mapas, planos e textos co vocabulario xeométrico adecuado (perpendicularidade, aliñamento, paralelismo, angularidade) e a súa representación.

Contidos

- Interpretación, descrición, elaboración e representación, con estratexias persoais e contrastadas en equipo, de itinerarios en planos, bosquexos, mapas e maquetas sinxelas con uso de soportes físicos e virtuais partindo do espazo vivenciado.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Resolución individual e en equipo de problemas xeométricos que impliquen o coñecemento de figuras, as súas relacións e propiedades, utilizando estratexias de clasificación, uso de exemplos contrarios, creación de hipótese e construción, argumentación e toma de decisións.
- Resolución de problemas da vida cotiá empregando o modelo xeométrico e a representación matemática da situación para resolver.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada estará baseada nunha aprendizaxe competencial, encamiñada a acadar os obxectivos da materia e as competencias relacionadas. A vivenciación, manipulación, representación gráfica e simbólica e, por último, a abstracción, serán os peldaños dunha pirámide que teremos moi en conta no proceso de ensinanza-aprendizaxe das matemáticas.

Proporáanse actividades contextualizadas baixo un enfoque globalizador que promova o pensamento crítico, reflexivo e matemático, de forma que constrúan unha aprendizaxe significativa e favoreza a atención á diversidade da aula.

A resolución de problemas será o eixe vertebrador de cada unidade didáctica, a través dos cales poderán poñer en práctica os contidos traballados. Con eles, buscarase que os alumnos pensen, reflexionen, indaguen, investiguen, se pregunten e respondan preguntas, que formulen hipóteses e as contrasten; e dicir, neste tipo de actividades entran en xogo diversos procesos metacognitivos e emocionais fundamentais.

Na área desenvolverase unha unidade didáctica transversal denominada "Emociónate" na que se traballarán os contidos do bloque 6 "sentido socioemocional" nas seis unidades restantes.

O papel da mestra:

A mestra será unha guía no proceso de ensinanza-aprendizaxe do seu alumnado.

Preparará actividades competenciales que promovan os intereses do neno/a, axeitadas a súa etapa de desenvolvemento. Será unha aprendizaxe global, activa, participativa, significativa.

A mestra será concebida como unha guía e facilitadora da aprendizaxe que observa as necesidades, capacidades e intereses de cada alumno/a, ofrecendo as oportunidades para desenvolverse de forma autónoma e eficaz.

En canto á organización dos espazos, tempos e agrupamentos, variará en función das dinámicas que se leven a cabo:

-Espazos: a aula estará organizada por ambientes (matemáticos, Lingua e ciencias) con diversas actividades manipulativas que complementen ao traballo diario, así como materiais diversos: xeoplanos, tangrams, regletas, bloques multibase, etc.

-Tempos: ao inicio da sesión, explicarase que imos facer e a secuencia, de forma que progresivamente adquieran unha maior autonomía na realización das tarefas. Ademais, habrá un cronómetro dixital na PDI de forma que podan observar o paso do tempo e sexan conscientes del.

-Agrupamentos: habrá momentos de traballo individual, por parellas ou pequeno grupo (3-4 persoas). Os grupos serán heteroxéneos, diversos e mixtos en función das necesidades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Recursos persoais: titora, mestres de apoio e PROA, familias. Persoas externas de empresas, institucións, etc.

Recursos materiais: material funxible (libretas, lapis, rotuladores, ceras, cartolinas, folios...), libros de consulta, material didáctico como regletas, bloques multibase, estampas Montessori, xeoplanos, tarxetas de números, taboleiro de multiplicación e división Montessori, tangram, moedas e billetes, bingos, etc.), calculadora, actividades manipulativas.

Recursos tecnolóxicos e dixitais: tablets, PDI, ordenadores, robots, apps educativas, kahoot,...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é un proceso de toma de decisións durante o cal se recolle información. Debe formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino e ser reguladora e autorreguladora da aprendizaxe.

Por iso, a avaliación inicial levarase a cabo ao inicio de cada unidade didáctica co obxectivo de coñecer o punto de partida do alumnado, os seus intereses e detectar posibles dificultades ou necesidades. Tamén se realizarán nas primeiras semanas de curso. Para isto teremos en conta os expedientes e informes de cada un deles/las, as entrevistas iniciais coas familias onde recolleremos información, reunións co DO, así como actividades e dinámicas sinxelas na clase.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	14	15	13	15	13	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A unidade transversal "Con emoción" terá un peso dun 10%. As demais unidades didácticas terán cada unha un peso do 15% da nota final do curso, empregando os instrumentos indicados na avaliación de cada unha delas (taboas de indicadores).

Unha vez obtida a cualificación de cada U.D., farase unha media ponderada entre as unidades didácticas tratadas na avaliación de cada trimestre.

A cualificación final coincide coa da 3ª avaliación, xa que, en matemáticas iremos reforzando, afianzando e ampliando os contidos traballados ao longo de todo o curso.

Criterios de recuperación:

A avaliación da área linguística será continua, polo que si un alumno/a obtén unha cualificación positiva, dáse por superada a avaliación anterior. De non ser así, o alumnado que leve unha cualificación negativa nunha avaliación recibirá un reforzo educativo, sendo observado nese proceso a evolución, empregando os instrumentos de avaliación indicados para cada criterio e realizando a nova cualificación en base a eles.

6. Medidas de atención á diversidade

Para atender a diversidade da aula teremos en conta o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, e a orden do 8 de setembro do 2021 polo que se regula a atención a diversidade nos centros educativos de Galicia.

Ademais, optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), que permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos). Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optárase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe. Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferentes linguaxes, serán elementos fundamentais a ter en conta xunto con estratexias diversificadas para as funcións executivas. Favorecerase a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias.

Deseñaranse actividades multinivel que permitan o traballo conxunto de todo o alumnado compartindo unha experiencia común, mais adaptada ao seu nivel e á súa capacidade de abstracción. Estas actividades deben estar inseridas en situacións de aprendizaxe, proxectos ou propostas integradas que posibiliten a contextualización necesaria.

As avaliacións iniciais, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos (que deberán ter variedade), como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro de datos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Et.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballarase en todas as áreas.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - et.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - et.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.4 - et.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - et.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - et.6 - Medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ao contorno próximo	Supermercado			X
Conmemoracións	Establecidas na PXA do centro para o curso 2023-2024	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Temporalización: a desviación entre o número de sesións programadas e as finalmente realizadas non supera o 15%. Secuenciación: os criterios de avaliación e contidos seleccionados para cada UD foron abordados nun 90%.
Metodoloxía empregada
Metodoloxía: as unidades didácticas son abordadas dende unha proposta activa, baseada nos principios DUA. Escala 1 a 4.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Materiais e recursos didácticos: porcentaxe de unidades nas que se empregaron recursos materiais e didácticos descritos no apartado 4.1. Nivel de logro: 100%
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: adoptáronse medidas personalizadas en cada unidade didáctica. Escala 1 a 4.

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento de cada unidade didáctica levarase semanalmente a través da planificación de aula, así como na aplicación de PROENS ao remate de cada unha.

As modificacións irán quedando rexistradas no programa que servirán como proposta de mellora cara ao próximo curso.

Ademais, semanalmente iranse revisando as actividades propostas e modificando cando se requira.

Trimestralmente realizarase un seguimentos das avaliacións do alumnado para poder detectar erros e establecer propostas de mellora co fin de aumentar os resultados académicos.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004484	CEIP Plurilingüe da Laxe	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	4º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A programación didáctica é o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre todo o profesorado. Partindo dos referentes legais e do currículo oficial vixente, Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro (que modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio) e o correspondente D. 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, elabórase esta Programación Didáctica de Música e Danza para o 4º curso de Educación Primaria, durante o curso 2023/2024 regulado pola Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar en Galicia.

A área de Educación Artística (Música e Danza e Ed. Plástica e Visual) na educación primaria é de especial relevancia xa que desencadea mecanismos que permiten desenvolver distintas capacidades que inflúen directamente na formación integral do alumnado, tanto de xeito individual coma grupal. Neste senso, a área de Música e Danza que se imparte en lingua galega, desenvólvese a través dunha dobre dimensión (reflexiva e creativa) e persegue que os discentes descubran, analicen, comprendan e valoren as manifestacións culturais propias e alleas, sen obviar o punto de vista da experimentación, a expresión e a produción artística como medio lúdico, creativo, comunitario e social.

O CEIPP da Laxe é un centro público de Educación Infantil e Primaria, situado no concello de Marín, Pontevedra. Está formado por 2 aulas mixtas de infantil e 6 de primaria. O alumnado para o cal se elaborou esta programación é o curso de 4º EP, formado por 9 nenos e nenas. Todo o alumnado xa estivo escolarizado o curso anterior no mesmo centro.

A presente programación consta de 3 unidades didácticas tal e como se detalla no punto 3.1. O fío condutor desenvólvese baixo o título «Batuta viaxeira» e enmárcase no proxecto de biblioteca «MarabillARTE» que permitirá ao alumnado achegarse aos países onde se atopan as 7 marabillas do mundo modernas. A narrativa segue unha temporalización trimestral: 1. Despegue, 2. Cruceiro e 3. Aterraxe. Ao longo da viaxe farase especial fincapé no traballo das diferentes manifestacións artísticas musicais e danzas do mundo como fonte de variedade e riqueza cultural, artística e social, de sorte que esta materia exerza de axente solidario e

cohesionador social entre o alumnado.

Para o seu desenvolvemento polos catro bloques de contidos que conforman esta área de coñecemento (1.Educación musical: percepción e análise; 2. Educación musical: creación e interpretación; 3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise; e 4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación) contamos coa contorna próxima e as instalacións e programas educativos do propio centro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	DESPEGUE	Durante o primeiro trimestre, o alumnado viaxará a México e China para aproximarse a súa cultura musical. Aproveitaremos para retomar e incidir nas dinámicas e rutinas de traballo, a responsabilidade e coidado do material, así como na recepción activa e a vivencia dos elementos básicos da música e da danza.	30	14	X		
2	CRUCEIRO	Durante o segundo trimestre, a pasaxe continuará o seu plan de voo con escala en Brasil e India. Proseguirase o traballo iniciado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza a través do achegamento a cultura musical de ambos países.	30	10		X	
3	ATERRAXE	O plan de voo chegará ao seu fin tras facer escalas en Italia e Perú e desenvolver e afianzar os elementos traballados nas anteriores unidades a través das manifestacións artísticas destes dous lugares.	40	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	DESPEGUE	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñecer, con apoio docente, propostas artísticas musicais de México e China, a través da recepción activa.	TI	100
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identificar e representar visualmente elementos fundamentais da linguaxe musical.		
CA1.5 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identificar, de xeito guiado, as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas (de México e China).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir composicións rítmicas e/ou melódicas con apoio docente.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Interpretar combinacións rítmicas ou vocais de xeito guiado.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descubrir bailes ou danzas de México e/ou China a través da recepción activa.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras seguindo os movementos e indicacións da persoa docente na interpretación de danzas.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas e experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresarse reproducindo movementos corporais que representen as emocións que suxira cada música proposta.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participar en grupo na creación dunha pequena coreografía.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas, a través de grafías convencionais e non convencionais.

Contidos

- A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Vocabulario específico de uso común en música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expres
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
2	CRUCEIRO	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñecer, con apoio docente, propostas artísticas musicais de Brasil e India a través da recepción activa.	TI	100
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identificar visualmente e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identificar as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas (de Brasil e India).		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción e realización de actividades musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir composicións rítmicas e/ou melódicas con apoio docente.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Interpretar combinacións rítmicas ou vocais de xeito guiado.		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa e utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Participar en grupo na creación dunha composición musical.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Explicar o proceso, dificultades atopadas e resultado final da composición do traballo para o CA2.5.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descubrir bailes ou danzas de Brasil e/ou India a través da recepción activa.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras seguindo os movementos e indicacións da persoa docente na interpretación de danzas.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas e experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresarse reproducindo movementos corporais que representen as emocións que suxira cada música proposta.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participar en grupo na creación dunha pequena coreografía.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas, a través de grafas convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición básica dos máis característicos. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico de uso común en música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas. - Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de exe-

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - cucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expres - Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
3	ATERRAXE	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñecer, con apoio docente, propostas artísticas musicais de Italia e Perú a través da recepción activa.	TI	100
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describir, con apoio docente, características das manifestacións culturais e artísticas musicais propostas.		
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identificar e representar visualmente elementos fundamentais da linguaxe musical.		
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participar na elaboración dun mural grupal sobre a música de México.		
CA1.5 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identificar, de xeito guiado, as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas (de Italia e Perú).		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir composicións rítmicas e/ou melódicas con apoio docente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar, verbalmente ou por escrito, os sentimentos e emocións experimentados tras a escoita activa das manifestación propostas.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Utilizar, de maneira guiada, os elementos fundamentais da linguaxe musical na interpretación das distintas propostas.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participar grupalmente na creación e interpretación dunha pequena composición.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñecer, con apoio docente, propostas artísticas e escénicas a través da recepción activa.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describir, con apoio docente, as características elementais das manifestacións propostas.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participar na elaboración dun mural grupal sobre a música de México.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identificar, de xeito guiado, o significado das manifestacións escénicas e performativas propostas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras seguindo os movementos e indicacións da persoa docente na interpretación de danzas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
